



VALEDOR DA COMUNIDADE UNIVERSITARIA

INFORME AO CLAUSTRO UNIVERSITARIO

Curso 2016-2017

VALEDOR DA COMUNIDADE UNIVERSITARIA

INFORME AO CLAUSTRO DA UNIVERSIDADE

CURSO 2016-2017

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

En cumprimento do establecido no artigo 12 do Estatuto do valedor da Comunidade Universitaria preséntase ante o Claustro este informe da xestión realizada entre o 1 de setembro de 2016 e o 31 de xullo de 2017.

Artigo 12: *Do informe anual*

O valedor dará conta anualmente das súas actividades ao Claustro Universitario mediante un informe que incluírá as propostas de mellora que estime oportunas.

ÍNDICE

1.-	Funcionamento do Valedor.....	6
2.-	Actuacións.....	
	2.1.- Intervencións e Mediacións.....	8
	2.2.- Queixas.....	10
3.-	Conclusións.....	51
4.-	Referencias estatísticas.....	54

1.- FUNCIONAMENTO DO VALEDOR

Tal como ven sendo o funcionamento característico da institución, iste enfócase dende unha dobre perspectiva:

- supervisar a actuación da Universidade co fin de corrixir as posibles irregularidades, demoras ou silencios e todos os indicios de arbitrariedade nas actuacións dos órganos administrativos e docentes.
- cooperar cos órganos de goberno da Universidade na procura de solucións aos problemas expostos mediante a aportación de suxestións e recomendacións debidamente razoadas. As solucións que se propoñan axudarán a que a Autoridade Universitaria non se manteña encorsetada na normativa actual, senón que dentro do respecto aos Estatutos a revise e se interese tanto na renovación dos regulamentos como na súa prudente interpretación.

Como formas de traballo séguense mantendo as habituais indicadas nos anteriores informes:

- *consulta diaria*, un traballo de información e orientación.

- *intervencións*, actuacións que se resolven sen necesitar ditame nin recomendación por escrito, mediante xestións persoais ou telefónicas diante dos órganos ou servizos obxecto da queixa.

- *expedientes*, naqueles casos que a súa complexidade obriga a solicitar informes e pedir ditames e que poden rematar cunha recomendación á correspondente autoridade académica.

- *mediacións*, ou actuacións solicitadas por un membro da comunidade universitaria, un colectivo ou a mesma autoridade universitaria.

No labor diario, constátase que a consulta persoal, por correo electrónico ou telefónica, que non necesariamente dá lugar á presentación dunha queixa, é a forma máis frecuente en que os membros da comunidade universitaria, principalmente os e as estudantes, se dirixen ao Valedor. A maioría destas consultas teñen como obxecto recadar información sobre dereitos e sobre o procedemento a seguir para reclamar o respecto dos mesmos.



VALEDOR DA COMUNIDADE UNIVERSITARIA

Curso 2016-2017

2.- ACTUACIÓNS

Nalgúns casos os membros da comunidade universitaria dirixen escritos ao Valedor da Comunidade Universitaria solicitando a mediación ou o seguimento, ben de solicitudes que teñen presentadas aos órganos de goberno, ou ben de resolucións dos mencionados órganos polas que se ven afectados. Aínda que non se trata de queixas e polo tanto non se inclúen como tales, si é importante indicar esquematicamente os temas cos que se relacionan.

2.1.- INTERVENCIONES E MEDIACIONES

M-2017/01

Foi presentado un escrito por un profesor en relación co calendario académico para o curso 2017/2018, en concreto polo tempo que os prazos fixados no mesmo pode deixar para a corrección das probas. No escrito expón:

Segundo o Artigo 22 , hai un período de 15 días para a entrega de actas despois de finalizado o período de exames (entendo que dende a sinatura electrónica de actas, este período de entrega enténdese que é o prazo máximo para o peche das mesmas). E digo entendo porque no calendario académico de cursos anteriores figura sempre a seguinte frase, que para min é o relevante, "teniendo en cuenta que deberán transcurrir 15 días entre el último examen y la fecha de la firma de actas", xa que indica un período mínimo para corrixir as probas.

A miña solicitude é que se transmita dita información a Secretaría Xeral, para que se respecte a Normativa de Xestión Académica e que se modifique o período de Apertura de Actas do primeiro período do vindeiro curso e remate o día 16 de febreiro de 2018 en lugar do 31 de xaneiro de 2018. Tendo isto en conta habería que modificar as datas que figuran no apartado 2.

Se por algún motivo non se quere modificar o período de Apertura de Actas, no apartado 2) debería indicarse de xeito exacto o período de realización de exames que non podería rematar despois do 15 de xaneiro para que transcorran 15 días entre o último exame e a data de peche de actas.

Ante o indicado no escrito hai que sinalar que o calendario académico para o curso 2017/18 establece, a diferenza do que ocorría en cursos anteriores, que a competencia para a fixación do calendario de exames corresponde aos centros:

"Cada centro ou Comisión Académica de Máster, en función das súas características e/ou circunstancias, fixará o período de exames de cada oportunidade dentro do período de apertura das actas, debéndose respectar, en todo caso, o prazo de revisión das cualificacións provisionais."

Polo que é competencia dos Centros o establecemento das datas concretas para a realización das probas de avaliación, máis en concreto das Xuntas de Facultade, sendo neste órgano onde se deberá debater a oportunidade da amplitude dos prazos.

Parece razoable pensar que en ningún caso establecerán o exame sen tempo suficiente para facilitar que o profesorado poida realizar a avaliación e cualificación cumprindo o establecido na normativa.

Por outra banda a Normativa de Xestión Académica non “*indica un período mínimo para corrixir as probas*” senón que o apartado 22 da mesma recolle o período máximo de entrega das actas na secretaría dos centros:

“22 Entrega das actas de exame.

As actas de exame de cada convocatoria deberán ser entregadas na secretaría dos centros de xeito improrrogable nos quince días seguintes á data de finalización do respectivo período oficial de exames establecido no calendario escolar da USC”

En todo caso, o calendario académico para o curso 2017/18 foi aprobado polo Consello de Goberno o 5 de abril de 2017, de xeito que de estar en desacordo co mesmo debería ter recorrido dito acordo.

Non obstante damos traslado do presente escrito á Secretaría Xeral da USC por se considera oportuno ter en conta as observacións efectuadas, de cara ao establecemento/modificación do calendario académico.

2.2.- QUEIXAS

Q 1609/01

Foi presentado un escrito por unha alumna en relación coa falla de coordinación de calendarios para o remate de estudos nos graos da USC e os prazos para solicitude de Máster en distintas Universidades. No escrito expón que:

“Teño un gran problema para continuar os meus estudos nun máster debido ós prazos que establece a USC para rematar o último ano de carreira.

Debido a estes prazos non puideron matricularme nin facer a preinscrición en ningunha universidade, tanto galega como española, xa que os da USC aínda non realizáramos a defensa do TFG. Unha vez que obtivemos todas as notas, os prazos das universidades estaban todos pechados, polo que só podíamos presentarnos ós máster da USC na primeira convocatoria, deixándonos cunhas posibilidades de entrar moi baixas. En cambio, tanto os estudantes da universidade da Coruña como a de Vigo podían optar ós máster de calquera universidade de España na primeira convocatoria, incluso na da USC.

Por se isto non fose suficiente, despois de apuntarme ó máster da USC, atópome con que estou na lista de espera debido á cantidade de xente que se presenta (a cal posiblemente proceda de universidades diferentes á da USC). O cal me fai pensar: se é a culpa da USC que non teñamos a oportunidade de apuntarnos a outras universidades, por que non nos bota unha man e abre máis prazos nos seus máster?

Neste máster no que me apuntei somos máis de cen persoas as que estamos en lista de espera e seguramente máis da metade quedemos sen cursar ningún máster en todo o ano, xa que a maioría dos máster cobren as súas prazos na primeira convocatoria; ata os das universidades privadas.

O informe solicitado á Secretaría Xeral da USC, expoñía o seguinte:

“Debe indicarse que os alumnos/as que superen todas as materias na primeira oportunidade poden ter a acreditación do título no mes de xullo. Aos alumnos/as que superen as materias na segunda oportunidade, e o TFG en setembro, as posibilidades de acceso aos másteres son evidentemente máis reducidas xa que dependen de que existan prazos vacantes. Este é o sistema ordinario nas universidades do Sistema Universitario de Galicia que establecen prazos de preinscrición e matrícula en xullo, agosto, ou principios de setembro, e un prazo de ampliación de matrícula no caso de existir prazos vacantes nos máster, a principios de outubro.

En canto ao número de prazos do máster de secundaria da USC, segundo o informe do coordinador, son as concedidas pola Consellería de Educación da Xunta de Galicia. A asignación por áreas e especialidades realízase, como figura na resolución de admisión, por nota de expediente académico.”

Q 1609/02

Foi presentado un escrito por un alumno en relación coa imposibilidade de acceder ao Dobre Grao a través da vía de acceso de cota reservada para titulados. No escrito expón que:

- A principios de ano solicité información en la USC sobre el acceso al doble grado, título en el cual estoy muy interesado por la vía de titulados. Se me indicó que el acceso era posible por dicha vía, que el mero hecho de que exista una solicitud para dicha plaza sería motivo suficiente para ofertarla.
- Debido a la información recibida prioricé la finalización de mi título de grado frente al acceso por la vía de la PAU.
- Se me ha permitido realizar la preinscripción en el doble grado el día 28/07/2016.
- El día 31/08/2016 me informé en el LERD correspondiente de que dicha plaza no existía.
- En la actual convocatoria no existe información alguna que indique la imposibilidad de acceder al doble grado a través de la vía de acceso dedicada a titulados universitarios.

- El año anterior ha sido posible acceder a los dobles grados a través de la vía de acceso dedicada a titulados universitarios, tal y como demuestra el documento adjunto en el cual se muestran las notas de corte del curso 2015-2016.
- Con data 02/09/2016 desde la CiUG comunican: "Segundo as indicacións recibidas da Secretaría Xeral de Universidades as dobles titulacións non teñen reserva de prazas para os distintos colectivos que figuran nos outros". E acompañan o documento explicativo da Secretaría Xeral de Universidades no que se indica:

"A oferta de prazas nas titulacións das universidades españolas propóñense polas propias universidades e remítese unha vez aprobado pola Comunidade Autónoma á CGPU que definitivamente aproba a oferta.

Segundo o Real Decreto 1393/2007, de 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais, modificado polo RD 861/2010, de 2 de xullo, e a Orde do 24 de marzo de 2011 pola que se regulan as probas de acceso ás ensinanzas universitarias oficiais de grao e o proceso de admisión ás tres universidades do sistema universitario de Galicia o total de prazas que para cada título e centro oferten as universidades repartiranse entre a cota xeral e as cotas de reserva a que se refire o artigo 46 desta orde.

Un título universitario é unha ensinanza universitaria que está rexistrada no RUCT, Registro de Universidades, Centros y Títulos, logo de ser informados favorablemente pola ANECA ou ACSUG, verificados polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, e autorizada a súa impartición pola Comunidade Autónoma.

Os programas de simultaneidade consisten, segundo a definición das propias universidades, nunha adaptación dos programas de dous ou máis titulacións oficiais co fin de facilitar ao alumnado cursar estudos de grao de xeito simultáneo e obter os títulos correspondentes.

Trátase dunha decisión da universidade, actuando no eido da súa autonomía, en ningún caso se trata de titulacións, polo que non figuran como tal no RUCT.

Polo tanto as cotas de reserva para cada unha das ensinanzas universitarias ofertadas no SUG cumpre o establecido polo artigo 46 da orde do 24 de marzo de 2011."

Solicitada información ao respecto ao Sr. delegado do Reitor da USC na CiUG indica que:

".../a Universidade de Santiago no dobre grao non ten reserva de prazas para titulados nin para ningún outro colectivo. O motivo é que os dobles graos non son unha titulación e, ademais, un 1 por cento de 10 é 0,1 e ese tanto por cento non ten dereito a matricularse".

Á vista do anterior, solicitouse un segundo informe á Sra. secretaria Xeral da USC, que indicou:

- A adquisición do dobre grao é un itinerario curricular específico adaptado que a USC puxo en marcha para poder adquirir as competencias dos dous graos nun tempo menor ao establecido ordinariamente.
- Nin o Título de ... nin o de ... foron obxecto de modificación no RUCT sendo dous títulos diferenciados.
- Os alumnos que superen este itinerario curricular específico se lle outorgarán dous títulos de grao e dous SET, un de cada título.
- En consecuencia, se ben existe un procedemento restritivo de acceso a este itinerario curricular, o certo é que non se trata dunha titulación específica polo que non lle son aplicables as cotas de acceso.
- As citadas cotas de acceso só son aplicables para cadanseu título por separado.

Q 1609/03

Foi presentado un escrito por un estudante, en relación coa imposibilidade de acreditar no inicio do curso académico que é estudante da USC e así poder acceder a determinados servizos da Área de Deportes pagando a cota correspondente á categoría A para membros da Comunidade Universitaria. No escrito expón:

"Anualmente, realizo matrícula de la tesis doctoral, así como el pago anual de la piscina cubierta, con la ventaja de ser alumno, tipo A.

Este curso, al no cuadrar las fechas de ambas matrículas, desde la piscina universitaria, se me ha indicado que la opción que tengo es:

- 1º realizar pago de abono de 30 días de la piscina como exalumno (tipo B) (18,30 €)
- 2º esperar a realizar matrícula de tesis en los plazos indicados (principios de octubre, y ya realizar pago anual de abono completo piscina cubierta (73,10€)

Es decir, al no poder administrativamente realizar el pago real, abono completo, penalizan al alumno obligándole a realizar un pago de abono 30 días, cuando, entiendo que el curso 2016-17 comienza desde el 1 de septiembre hasta el 31 de julio.

Por ello, solicito la devolución del abono de 30 días, que he realizado hoy, para poder disfrutar de un servicio que la universidad me oferta.”

O informe solicitado á Sra. vicerreitora de Estudantes, Cultura e Responsabilidade Social pon de manifesto que:

“1. Entran dentro da categoría tipo A, a efectos de tarifas e de dereitos de acceso á prestación dos distintos servizos da oferta deportiva e atendendo ao acordo do Consello Social con data 07/07/2016, a Comunidade Universitaria da USC segundo o título dos Estatutos (Decreto 14/2014, do 30 de xaneiro; D.O.G. nº 29, do 12 de febreiro de 2014).

2. O artigo 32 do Estatuto di:

Son estudantes da Universidade de Santiago de Compostela aquelas persoas que están matriculadas en estudos conducentes á obtención de titulacións de licenciatura, diplomatura, grao, máster universitario ou doutoramento, así como en titulacións propias da Universidade, agás as que teñan a condición de persoal investigador en formación.

3. No momento de adquirir o abono anual para facer uso da piscina universitaria don ... non consta como alumno da USC polo que queda rexistrado automaticamente na categoría C, a xeral; categoría que pode modificar achegando a documentación xustificativa, de ser necesario, se pertence a un colectivo incluído noutra categoría que lle poida beneficiar. Neste caso acolleuse a categoría B como "exalumnado cun mínimo de 3 anos cursados na USC" cando adquiriu o bono, dita categoría a poderá modificar para a categoría A cando realice a matrícula na USC aplicándosele os beneficios inherentes a esa categoría a partir da data do cambio.”

Q 1609/04

Foi presentado un escrito por un estudante en relación coa demora na expedición do título correspondente a un curso de especialización. No escrito expón:

Segundo as instrucións que me deron por parte do Instituto de ..., solicitei o devandito título á sección de Terceiro Ciclo desa Universidade de Santiago, sen ter resposta algunha ata o momento a pesar de chamar en varias ocasións e remitir os 3 correos electrónicos que acompaño.

Á vista do anteriormente exposto, e non habendo visos de que a Sección de Terceiro Ciclo teña intención de remitirme o que solicito ou, cando menos, de dar resposta aclaratoria ás miñas chamadas e correos, recorro a vostede para que na medida do posible interceda para arranxar esta situación.”

O informe remitido dende a Sección de Posgrao e Terceiro Ciclo xustificaba o seguinte:

“Unha vez se reciben as actas de cualificación dos cursos de formación continua nesta Sección, os alumnos poden solicitar as taxas de expedición dos diplomas acreditativos.

Neste caso particular consta que con data 4 de xullo realizou o pago dos dereitos de expedición, e que con data 20 de xullo se tramitou a Sección de Títulos a expedición do diplomas. Asemade con data 1de setembro recibíronse os diplomas unha vez expedidos de diferentes cursos solicitados.

Por mor das vacacións, e por outros procesos abertos nesta Sección, quedaron pendentes algúns trámites, entre os que figuraba o envío dalgúns diplomas solicitados nesa modalidade.

Consta que foi enviado o diploma e que con data 7 de outubro foi recepcionado polo interesado.”

Q 1609/05 => Recomendación

Foi presentado un escrito por un investigador no que expresa o seu malestar co servizo e trato dispensado por un membro do Persoal de Administración e Servizos nunha Unidade:

El día lunes 19 de septiembre de 2016 me acerqué a la Oficina de ... de la Universidad de Santiago de Compostela (USC) para informarme acerca de la manera de proceder para poner una reclamación ante un servicio ofrecido previamente por dicha oficina. En un principio fui atendido amablemente por D. ... aunque nunca llegó a proporcionarme las hojas de reclamaciones, llegando a decir que “estaban obsoletas” y que “esos procedimientos eran de los tiempos de María Castaña”. Ante la insistencia para que me diera una hoja de reclamaciones, empezó a contestar de manera desagradable e irrespetuosa, tanto a mí como a mi acompañante, llegando al punto de reaccionar violentamente, rompiendo material de oficina de la USC, abandonando el mostrador de forma agresiva y agarrándose de la camiseta a la altura del pecho, refiriéndose a mí como “niñato” y diciendo que me iba a echar de la oficina. Todo esto ocurrió ante la presencia de administrativos, la de mi acompañante y la de otra estudiante de la USC cuyo nombre desconozco. Al final, una trabajadora del Edificio separó a D. ... evitando una situación más desagradable.

Admitida a queixa a trámite, solicitouse o correspondente informe ao responsable da Oficina e á vista do indicado no mesmo, vense a constatar que se teñen producido con anterioridade por parte do Sr. ... actuacións ou condutas inadecuadas non só con usuarios senón con compañeiros de traballo, polo que *recomendo* ao Sr. reitor da USC que se inicie a correspondente información reservada para o esclarecemento das mesmas e adopción das medidas que correspondan para que non sexan reproducidas no futuro, ao consideralas como impropias no desenvolvemento do labor dun empregado público da Universidade de Santiago de Compostela.

En relación coa recomendación efectuada o Sr. reitor da USC comunica que:

“.../se incoa expediente disciplinario pola presunta comisión de falta grave ao funcionario D.../ en relación co seu comportamento ...”

Q 1609/06

Foi presentado por un alumno o seguinte escrito expresando o seu descontento co servizo ofrecido por parte da Oficina de Investigación e Tecnoloxía (OIT) no desenvolvemento do proceso de renovación do seu contrato predoutoral como beneficiario de axudas FPU:

“Soy un estudiante del Programa de Doctorado, beneficiario de una beca FPU cuyo contrato expira el día 21/09/2016 y para el cual era necesario tramitar una prórroga hasta el 19/12/2017. Para tramitar dicho documento se me informa mediante correo electrónico, enviado por D. ..., de la documentación necesaria. En dicho correo, no se me comunica en ningún momento que sea necesario firmar esa prórroga. Además, soy beneficiario de una beca FPU de estancias breves y mi período de estancia es del 1 de agosto al 31 de octubre de 2016 en la Universidad de Manchester (Reino Unido), lo cual comunico a la OIT mediante correo electrónico el 20 de junio de 2016 para tramitar la renovación cuanto antes.

Habiendo cubierto y entregado todos los documentos solicitados, el día jueves 15 de septiembre de 2016 se pone en contacto conmigo nuevamente D. ..., informándome de que para tramitar la renovación es necesaria mi firma junto con la de un representante legal de la USC y que puedo realizarlo en persona en el Servicio de Personal o bien mediante poder notarial tramitado por la Embajada de España. Además, se me comunica que tengo que realizarlo antes del 21 de septiembre de 2016 o mi contrato expirará.

Cuando me pongo en contacto con el Consulado de España en Edimburgo, me informan de que todas las citas de notaría están ocupadas hasta octubre y que mis únicas opciones eran viajar a España o tramitarlo ante notario en Manchester y legalizar el documento con la Apostilla de la Haya. Lógicamente, la opción de ir ante notario en Manchester y dar validez al documento era inviable ya que solo disponía de 5 días hábiles hasta el fin de plazo para la renovación y dichas gestiones en Reino Unido requieren de más tiempo, siendo la opción del viaje a Santiago de Compostela la única viable, suponiéndome un gasto de 516,45€ por la compra de los billetes de avión.

Con la presente solicito que se me abone el importe de 516,45€ por el desplazamiento a Santiago de Compostela y el correspondiente retorno a Manchester, ya que es un error por parte de la Oficina de Investigación y Tecnología no haber notificado con suficiente antelación la necesidad de personarme en Santiago de Compostela para firmar la prórroga de mi contrato, siendo conocida por ellos mi estancia en Manchester durante las fechas habilitadas para la firma.”

Nos informes solicitados o Sr. director da Área de Xestión e Valorización de I+D indicaba:

1. Que a convocatoria establece, resumidamente, no seu artigo 18 o seguinte:
 - A axudas terán unha duración máxima de 48 meses.
 - Os contratos terán unha duración anual, prorrogables por períodos anuais.Na convocatoria non se establece que as prorrogas dos contratos deban de ser necesariamente asinadas polos interesados
2. Que con efectos do 22 de setembro de 2014, o interesado asinou o seu contrato cunha duración inicial dun ano, consonte ao que di a convocatoria. Por conseguinte, a primeira prórroga do seu contrato, cunha duración anual, formalizouse con efectos do 21 de setembro de 2015. Ao respecto é necesario destacar que ata esa data todas as prórrogas contractuais do programa FPU eran perfectamente validadas sendo asinadas unicamente pola Xerencia da Universidade. Por esta razón a necesidade de advertir sobre a *presenza do beneficiario na firma do contrato* non estaba incorporado no procedemento de xestión desde trámite e tampouco na habitual interacción do *Servizo de Convocatorias e Recursos Humanos de I+D* cos beneficiarios.
3. Que o *Servizo de Convocatorias e Recursos Humanos de I+D* informou puntualmente a D. ... sobre os necesarios trámites a realizar e a documentación a presentar para formalizar a súa segunda prórroga do contrato. Non é ata o momento de xestionar formalmente a firma do contrato (setembro de 2016) cando o Ministerio informa a este Servizo da obrigatoriedade de que as prórrogas sexan tamén asinadas polos beneficiarios do programa.
4. Que diante de esta situación, e tendo presente a proximidade do prazo de firma e a situación de *estadía* no estranxeiro do afectado, desde o *Servizo de Convocatorias e Recursos Humanos de I+D* informásele das opcións que o *Servizo de Xestión de Persoal* desta Universidade ten establecidas con carácter xeral para a sinatura destas renovacións, debendo optar o interesado, segundo argumenta o mesmo, por desprazarse a Santiago de Compostela.
5. A xuízo do que subscribe, e con independencia da valoración que poda facerse sobre os inconvenientes ocasionados ao reclamante, o *Servizo de Convocatorias e Recursos Humanos de I+D* non comete ningunha irregularidade, senón que da resposta puntual oportuna diante dunha nova situación motivada polos cambios introducidos neste procedemento por parte do Ministerio, cambios de obrigado cumprimento para todos os beneficiarios das diversas convocatorias do programa FPU.
6. Por outra banda e tendo en conta que a queixa en cuestión se personaliza no funcionario D. ..., compre destacar a dilixencia con que este traballador levou a cabo o seu traballo. Para decatarse deste extremo soamente é necesario analizar as secuencias dos correos electrónicos mantidos tanto con este usuario como co conxunto dos beneficiarios do Programa que, ademais é unha tónica habitual na xestión ordinaria deste traballador do Servizo.
7. Non obstante o sinalado, como responsable deste Área asumo a necesidade de revisar o procedemento de xestión implicado co obxectivo de asegurar que estas incidencias podan ser previstas no futuro. Así mesmo, instar á Vicexerencia de Recursos Humanos para que impulse e coordine as xestións oportunas para habilitar mecanismos na firma de contratos de persoal que minimicen este tipo de incidencias.

8. Por último sinalar que a Vicerreitoría de Investigación e Innovación avaliará oportunamente a reclamación formal presentada por D. ... na que solicita a devolución do importe do custe da viaxe realizada para poder proceder á firma da prórroga anual do seu contrato de Formación de profesorado universitario (FPU).”

Q 1609/07

Foi presentado un escrito por unha estudante de 5º de Grao en relación coa expulsión das vías informativas e negación de información por parte da delegada de clase. No escrito expón:

“.../Después de llevar desde el 11 de Mayo sin poder acceder a la información a la cual tengo derecho, debido a un bloqueo por parte de esta representante del alumnado en la vía de comunicación por la que los diferentes delegados del curso nos aclaran fechas de revisión de exámenes, anulaciones de preguntas de los mismos, cambios de clases, trabajos... después de ser expulsada de los envíos de información por correo electrónico (gracias a ello no pude anotarme en la lista de revisión del examen de ...y no lo pude revisar), ni me llegaron presentaciones que mandaron los profesores, ni me pude enterar de que había que anotarse para recibir unos cuadernillos que nos ayudan bastante al estudio...”

O Sr. decano da Facultade informou o seguinte:

“.../O Centro dispuxo, ao ter coñecemento do problema, Aulas de Coordinación no campus virtual que separan definitivamente, na comunicación entre os alumnos, o ámbito académico do ámbito persoal facendo desaparecer o problema de relacións existente.

Ditas Aulas de Coordinación facilitan a comunicación entre os alumnos e o/a delegado/a; entre os delegados/as e o/a Prof./a. Coordinador/a e, por último, entre o/a Prof./a Coordinador/a e os demais Profesores do curso.”

Q 1609/08

Foi presentado un escrito por unha estudante de 1º de Grao referido a unha problemática de accesibilidade e dotación de prazas de aparcamento reservadas a persoas con discapacidade. No escrito expón:

Por mor das secuelas dun accidente de tráfico déronme a incapacidade permanente total e a discapacidade. As lesións que presento obríganme a non poder camiñar distancias medias, non podo cargar con pesos (libros, apuntes pesados, etc.), dependendo do dolor utilizo un ou dous bastóns, non podo subir costas, as escaleiras con dificultade, etc.

Debido á miña discapacidade, tampouco podo utilizar o transporte público de maneira asidua. Vivo en Lavacolla, e vou a clases cada día no meu coche adaptado.

Aínda que intentei dende xuño conseguir unha praza de residente no párking de Juan XXIII, non conseguín praza xa que ó parecer, hai moi poucos.

Así que visto que polos arredores non se pode aparcar, e que para chegar á facultade só se accede por varias costas moi pendentes (as cales non podo subir e baixar), fun a falar esta semana ó Decanato a ver se me podían deixar unha tarxeta para poder aparcar nalgunha das prazas de discapacidade que hai na facultade.../

Deuse traslado da situación ao Decanato da Facultade, comunicando con posterioridade a resolución da problemática descrita.

Q 1609/09

Foi presentado un escrito por un estudante en relación co procedemento de acceso e matrícula nun Máster:

.../ aproximadamente hace dos días que han decidido eliminar dicho máster por no alcanzar el número de 20 alumnos matriculados.

Me parece una terrible falta de respeto e irresponsabilidad profesional ofertar un máster y a tres días de empezar las clases decidir anularlo. La falta de respeto está, por un lado, en el gasto económico que tenemos que desembolsar los estudiantes (matrícula, manutención, billetes, alojamiento...) para poder costearnos el curso académico, y, por otro lado, la falta de profesionalidad a la hora de realizar las cosas: ¿Cómo se pretende tomar en serio una institución que decide, sin aviso previo, cerrar un máster "ipso facto"? Entendería que cerrasen el máster para el curso académico posterior, pero, cerrar éste curso académico es una aberración.

Mi solicitud es que no se cierre el máster para éste curso académico y nos dejen realizar nuestros estudios. He hablado con el Director del Máster y también es su voluntad que el máster se mantenga abierto, por lo menos éste curso académico. He estado hablando con mis futuros compañeros de máster y también tienen el mismo deseo.

Solicítouse un informe ao Sr. coordinador do *Máster*, quen respostou o seguinte:

".../o máster retirouse da oferta realizada para o curso 16/17 por non acadar un número mínimo de 20 alumnos matriculados.

A retirada da oferta realizouse sen ter en conta as circunstancias e os prexuízos ocasionados aos alumnos, e sen ter en conta que os alumnos ao realizar a matrícula non foron advertidos de esta posibilidade de que o máster non se impartise. A decisión de retirar a oferta foi tomada o día 21 de setembro (ese mesmo día eu trasladéille esta resolución aos alumnos), cando as clases de nivelación se levaban impartindo desde a semana anterior e as clases regulares comezarían o 26 de setembro.

Os prexuízos máis graves foron ocasionados a dous alumnos procedentes de Colombia e Ecuador e a dous alumnos procedentes de Oviedo e Valladolid. Os prexuízos ocasionados de forma directa inclúen os custes de viaxe, formalización de contratos de aluguer anuais e o feito de ter rexeitado outras ofertas para realizar cursos de posgraio en outras universidades, o que frustra aos alumnos por non poder optar por outras opcións que consideraran atractivas...."

Á vista do anterior deuse traslado da problemática á Vicerreitoría de Oferta Docente e Innovación Educativa da USC, que respostou o seguinte:

"1.-A USC como tal Institución, e o Servizo de Xestión da Oferta e Programación Académica (SXOPRA) como responsable da tramitación da oferta de estudos, fallaron no traslado da información ao alumnado respecto dos másteres que tiñan condicionada a oferta no curso 2016/2017 a acadar o mínimo de estudantes que establece o Decreto 222/2011. O SXOPRA enviou esta información á Oficina de Información Universitaria (OIU) pero non a todos os demais servizos que interveñen na información pública da oferta (Calidade, Web, etc.) o que afectou á calidade da información recibida polo estudantes.

2.- A Comisión Académica do Máster e o seu coordinador non asumiron a responsabilidade inherente ao Acordo de ofertar o máster condicionado a acadar os 20 estudantes antes do comezo do curso, xa que sabían dos problemas que esta decisión comportaba aos estudantes matriculados no caso de ter que retirar o título da oferta. Ademais, deberían ser conscientes de que a retirada era máis que probable habida conta de que, dende a súa oferta, nunca acadou os 20 alumnos novos matriculados. Por outra parte, o feito de que non desen ningún tipo de información aos estudantes matriculados sobre o compromiso que tiñan acadado de retirar o máster se non había 20 alumnos nin na web propia do máster, nin ao comezo do curso sabendo que só contaban con 9 estudantes, non fai máis que reforzar a queixa do estudante da " ...terrible falta de respecto" que se amosou aos estudantes. Agás que a pretensión do coordinador e da Comisión Académica fose a de manter a oferta do máster pola vía dos feitos sen considerar o acordo existente.

3.- A inadecuada actuación do Coordinador do Máster que se reflicte no Informe que envía ao Valedor da Comunidade Universitaria, no que omite calquera responsabilidade, obrigou á USC ao través da Vicerreitoría de Oferta Académica e Innovación Educativa, a actuar de xeito inmediato para cumprir a normativa e o acordo

acadado coa Secretaría Xeral de Universidades. A Vicerreitoría recibiu a todos os estudantes que solicitaron explicacións respecto da retirada do máster e das súas consecuencias, para ofrecerlles saídas e indicarlles que no caso de sentirse prexudicados podían presentar as reclamacións que considerasen perante o reitor, mesmo as patrimoniais. Só dous estudantes non aceptaron continuar na USC. Cabe dicir que todo ilo se fixo sen ningunha colaboración por parte da coordinación do Máster.

Á rápida actuación da USC permitiu ubicar ao alumnado afectado noutros másteres da USC cuxos responsables colaboraron eficazmente, de xeito que cando o 3 de outubro finalizou a matrícula nos másteres universitarios todos os estudantes que o solicitaron estaban admitidos noutros másteres oficiais ou propios da USC.

4.- Polo tanto a queixa presentada polo estudante é correcta en tanto que houbo unha falta de información sobre as consecuencias que tiña o matricularse no máster ao non indicar que se retiraría da oferta no caso de non chegar aos 20 estudantes de matrícula. Probablemente de ter dado esta información os estudantes non se terían matriculado para non correr o risco que tiveron que pasar por non ter a información o que dende logo resultaría moito mellor para todos.”

Q 1610/01

Foi presentado un escrito por dúas alumnas matriculadas nunhas Xornadas no que manifestan que as mesmas non se teñen levado a cabo nin se lles ten reintegrado o importe correspondente á matrícula.

Dáse traslado da queixa á organización do curso que comunica ter efectuado a devolución dos importes da matrícula ás presentadoras da queixa.

Q 1610/02

Foi presentado un escrito de queixa por dous membros do Persoal de Administración e Servizos en relación coa non adopción de medidas pola USC para favorecer a conciliación da vida persoal, familiar e laboral, en concreto no referido á non implantación de xornadas e horarios de traballo flexibles. No escrito expoñen:

.../2- Que consideramos existe unha certeza de que a USC propugna a súa disposición a establecer a flexibilidade de horario e de xornada xeral. Que os representantes dos traballadores non se opoñen á implantación por parte da USC dun ou varios sistemas de control de presenza. E que a situación actual vulnera o dereito do empregado público a conciliación da vida persoal, familiar e laboral ademais de constituír unha discriminación entre traballadores ao non regular nin identificar as situacións excepcionais que se poidan atender. Por todo o anterior solicitamos

Que teña por recepcionado este escrito de queixa e leve a cabo ás actuacións da súa competencia para que a USC cumpra co PAS laboral o referente á flexibilidade de xornadas e horarios de traballo recollidos na lexislación externa e interna da USC de referencia. Especialmente a USC debería comprometerse a cumprir o recollido no artigo 42.3 do Convenio colectivo onde se recolle que Anualmente, e no último trimestre do ano, negociárase unha instrución que ordene para o ano seguinte as cuestións relativas a xornada, horarios, vacacións, permisos e licenzas. E establecer un sistema de control de presenza para incluír na Instrución do ano 2017 o recoñecido sobre flexibilidade de xornadas e horarios.

No informe solicitado ao respecto á Xerencia indícase:

1. A lexislación básica en materia de emprego público (EBEP) prevé, efectivamente, a adopción de medidas para favorecer a conciliación da vida persoal, familiar e laboral como un dereito individual dos empregados públicos.

2. En clave interna, o convenio colectivo para o persoal laboral de administración e servizos da USC contén no seu artigo 48 unha referencia á flexibilidade horaria, condicionada ás necesidades do servizo, vinculando a aplicación xeral deste réxime á existencia de mecanismos efectivos de control de permanencia. Inclúe tamén

unha referencia ao tratamento dos supostos de conciliación que gozan de protección legal específica. Así, o parágrafo 2 do mencionado artigo indica: *"Non obstante, a Universidade comprométese a negociar coa representación dos traballadores, conforme á lexislación de referencia, criterios que permitan chegar a acordos de flexibilización con aqueles traballadores con fillos ou acollidos menores de doce anos ou con familiares cos que convivan que, por enfermidade, ou por avanzada idade, necesiten a asistencia doutras persoas. Nestes supostos, e dentro do horario que se estableza, de acordo coa Xerencia, o traballador poderá cumprir a súa xornada de traballo sempre que, en cómputo mensual, resulten cumpridas as horas mensuais de traballo aplicables."*

3. Neste mesmo sentido, as instrucións anuais da Xerencia relativas ao calendario de festas, vacacións, permisos e horarios do persoal de administración e servizos inclúen unha cláusula sobre a flexibilidade horaria, co contido literal que se recolle no escrito de queixa. Como pode observarse, no apartado final desta cláusula hai unha salvagarda que, a reserva da implantación dun mecanismo de control de permanencia que permita á USC dotarse dun sistema xeral de flexibilización horaria, acolle a posibilidade de atender situacións excepcionais, nas que a Xerencia pode autorizar a flexibilidade cando se constate o compromiso de supervisión do cumprimento da xornada e así se informe por parte do responsable da unidade correspondente.

4. Este réxime é o que se está aplicando na actualidade para todo o persoal de administración e servizos, tanto funcionario como laboral e, aínda que é preciso darlle un maior recorrido para adaptalo ao actual marco regulador, o certo é que de facto as solicitudes de flexibilidade por motivos de conciliación con protección legal que se presentaron e seguiron a tramitación indicada foron autorizadas.

5. Pola súa parte, a Programación Plurianual da USC 2015-2018 recolle, no ámbito dedicado ás persoas, unha acción relativa á mellora das condicións laborais do PAS coa seguinte descrición: *"Ofrecer condicións de flexibilidade horaria para favorecer a conciliación, así como posibilitar o teletraballo, de ser o caso. Recuperar a negociación das condicións de xornada laboral, réxime de vacacións, etc."* As posibilidades reais de avanzar no cumprimento desta acción están directamente relacionadas coa articulación dun marco único de negociación para os colectivos funcional e laboral do PAS, xa producida coa constitución formal dunha Mesa Xeral de Negociación do PAS no mes de xullo de 2016, tal como se indica nas liñas xerais de actualización de dita Programación aprobadas polo Claustro da USC o día 3 de novembro de 2016.

6. Queda patente pois, tal como se reconece no propio escrito de queixa, a vontade da Universidade de avanzar no tratamento da flexibilidade horaria co propósito de favorecer a conciliación da vida persoal, familiar e laboral e, tendo en conta que a formulación dese dereito recollida no EBEP alcanza a todos os empregados públicos, a futura regulación desta materia deberá considerar tamén aos restantes colectivos de persoal da USC.

7. Finalmente, polo que se refire á apertura de negociación da instrución do ano 2017 en cumprimento do previsto no artigo 42.3 do convenio colectivo, esta mesma semana completouse a regulación xeral sobre a materia coa publicación dos festivos locais para o vindeiro ano e déronse xa os primeiros pasos cos órganos de representación de cara ao inicio da negociación, que deberá producirse no marco da Mesa Xeral de Negociación de PAS, ao estenderse o seu ámbito de aplicación á totalidade deste colectivo.

Q 1610/03

Foi presentado un escrito por un alumno, no que pon de manifesto a demora na expedición do seu Suplemento Europeo ao Título (SET). No escrito expón:

- Que cursou os estudos de Grao, rematando os mesmos no ano 2012 e aboando os dereitos de expedición do título con data 29/08/2012.
- Que ten recibido o título, máis aínda non lle foi expedido o SET a pesares do tempo transcorrido.

O informe da Sección de Títulos da USC xustificaba o seguinte:

Ata o 7 de febreiro de 2015 non foi publicado o RD 22/2015, polo que se establecen os requisitos de expedición do suplemento europeo aos títulos regulados no RD 1393/2007 (grao, máster).

O Ministerio de Educación non publicou as instrucións precisas para a súa aplicación ata setembro de 2015.

A Universidade de Santiago de Compostela está a traballar na aplicación informática imprescindible para a súa emisión, de acordo coas guías do Ministerio.

Prevese a súa emisión ao longo do vindeiro ano 2017, e emitiranse todos os suplementos pendentes, sen custo para o alumno. Unha vez expedidos, comunicaráselles aos alumnos afectados para que pasen a recollelo ou soliciten o seu envío.

En relación con este alumno, e con outros que se atopen na mesma situación, para poder acreditar os seus estudos fóra de España deberán solicitar unha certificación académica, realizar a tradución por un tradutor xurado, e proceder á súa legalización por vía diplomática, de acordo cos requisitos que lle soliciten no país de acollida.

A maiores indicábaselle que a USC ten comezado o proceso de entrega dos SET a estudantes egresados/as e que implementará o SET electrónico en breve coa finalidade de axilizar a súa entrega.

Q 1611/01

Escrito presentado por unha alumna á que se lle comunica que non pode ser admitido a trámite ao entender que o solicitado por ela no mesmo: “.../la posibilidad de dar una solución menos gravosa a la situación excepcional planteada ante el cambio de plan de estudios y poder finalizar la carrera de forma más equitativa...” non entra dentro das competencias atribuídas ao Valedor da Comunidade Universitaria.

No entanto en relación co tema obxecto do escrito, e máis en concreto sobre a posibilidade de aplicación dun “sistema de avaliación curricular” informouse que, aínda que efectivamente existe noutras universidades froito da autonomía universitaria, na USC analizouse a posibilidade de implantación dun sistema análogo na reunión do Consello de Goberno celebrada o 5 de xullo de 2016 rexeitando a proposta de implementación dunha normativa de compensación para o remate de estudos, por 14 votos en contra, 5 a favor e 9 abstencións.

Q 1611/02

Foi presentado un escrito por unha alumna de Grao en relación co procedemento de validación dos estudos que tiña cursado na Universidade da Coruña. No escrito expón:

Después de realizar los trámites correspondientes y de presentar la documentación requerida con entrada en registro el 8 de septiembre de 2016, la Facultad envía una primera resolución favorable por parte de la Comisión de Validación de Estudios de la Facultad,

Se comunica el día 19 de octubre de 2016 desde la UXA que el expediente ha sido devuelto a la facultad para su modificación, ya que según lo que ellos explican es que existe un error en el informe hecho por la facultad porque su criterio a seguir es que el número de créditos de Formación Básica a tener en cuenta para el reconocimiento, será igual que el de origen, es decir, sólo se tendrá en cuenta el valor numérico de créditos a la hora de hacer la convalidación, y por lo tanto sólo se reconocerá el valor de crédito a crédito. En este caso, el valor numérico de dicha materia en origen es de 6 créditos de Formación Básica por los 9 créditos de Formación Básica de ambas materias en la Universidad de Santiago de Compostela.

Dado que he pedido en repetidas ocasiones la argumentación de ese criterio y su regulación, y lo cual se han negado, a día de hoy no tengo una justificación expresa por parte de quien resuelve dicha convalidación .../

O Sr. decano da Facultade envía un exhaustivo informe explicativo no que entre outras cuestións indica o seguinte:

O intercambio de correos coa alumna engádese como anexo a este informe. Nótese que nese primeiro correo enviado pola Sra. Alumna o 1 de setembro de 2016, un correo moi extenso (máis de dúas páxinas), engadindo normativa de distinto tipo xunto coas súas preguntas, no primeiro párrafo a Sra. alumna alude a que vai facer o traslado, que xa foi aceptada, e que xa foi alumna da Facultade de ... de Santiago. Neste momento nin a Sra. Secretaria ten acceso ao expediente da alumna, nin esta engade que xa tiña cursados na Facultade de ... de Santiago 42 créditos de Formación Básica. A información que aporta a Sra. alumna é parcial e neste momento a Sra. Secretaria resposta ás súas preguntas con carácter xeral, sen coñecer as circunstancias particulares da Sra. alumna.

.../

Terceiro. Con data 30 de setembro de 2016 a Comisión de Validacións e Recoñecementos da Facultade de ... da USC, a requirimento da UXA, emite informe sobre a solicitude de recoñecemento de estudos da Sra. alumna.

Nese informe non se discrimina entre materias de formación básica e materias obrigatorias. O expediente académico que ten diante de si a Comisión de Validacións e Recoñecementos é o da outra universidade (no que aparecen moitas materias recoñecidas, ao que resultou despois, tras cursalas na universidade de orixe), pero non ten ante si o expediente orixinario da USC pola razón obvia de que o que se cursou na USC non pode ser obxecto de recoñecemento na USC –agás no caso de adaptación dun plan a outro, por exemplo, da Licenciatura a Grao, proceso polo que tamén posou a Sra. Alumna- pero que non era o que se tiña que informar o día 30 de setembro). Á vista do expediente da outra universidade da Sra. Alumna, tras os recoñecementos de materias, valórase nese primeiro informe que non tiña que cursar ningún crédito de Formación básica adicional.

Cuarto. Con data 19 de outubro de 2016 a Facultade recibiu escrito asinado polo Xefe da Unidade de Xestión Académica de 18 de outubro de 2016.../ Polo tanto, a alumna deberá cursar unha materia de formación básica para completar este tipo de créditos”.../

Á vista do requirimento do Xefe da Unidade de Xestión Académica, a Comisión de Validacións e Recoñecementos da Facultade, con data 27 de outubro, procede a corrixir o primeiro informe.

Q 1611/03

Foi presentado un escrito por un membro do P.A.S. en relación coas condicións de habitabilidade do espazo no que desenvolve o seu traballo no edificio CACTUS, no que traslada o seguinte:

“Desde hai un ano -ou máis- temos problemas constantes co sistema da calefacción e/ou aire acondicionado. Viñeron veces abondo miralo e amañalo pero a solución, no mellor dos casos, dura uns días para deixar de funcionar. Hai varias semanas, coma tantas outras veces, houbo técnicos aquí para solucionar o problema de falta de calefacción; seica fixeron o necesario para termos calefacción pero a verdade é que estamos en pleno outono e non se percibe cambio ningún. Non sei se é un problema xeral do sistema, dunha peza... Nin sequera sei se está exclusivamente nas mans dos técnicos a solución. Persoalmente xa non sei a quen dirixirme para arranxar este problema.”

O Sr. director da Área de Xestión de Infraestruturas envía o seguinte informe xustificativo:

“Le informo de que el disconfort térmico que la motivó, fue ocasionado por la avería simultánea de las dos calderas del edificio, las cuales quedaron fuera de servicio debido a un defecto de fabricación. Para solucionar este problema se procedió de manera urgente a solicitar tres presupuestos para sustituir las dos calderas e instalarlas en un plazo de 72 horas, siendo adjudicadas a la empresa ..., estando instaladas desde hace aproximadamente tres semanas y funcionando a pleno rendimiento.”

Q 1612/01

Foi presentado un escrito por un estudante do Campus de Lugo en relación coa *Convocatoria de axudas a programas de actividades estudiantís ano 2017* por considerar que as asociacións de dito campus quedarían excluídas dalgunhas axudas. No escrito expón:

Na convocatoria de axudas a programas de actividades estudiantís ano 2017 (Rexistro de saída 3078 do 15 de novembro de 2016).

No apartado 7 (APLICACION E SEGUIMIENTO DAS AXUDAS) especifica : "Os gastos que se deriven da prestación dos servizos de reprografía, impresión dixital e dixitalización documental deberan realizarse obrigatoriamente na empresa adxudicataria do contrato, "Campus na Nube S.L."

Pero esa empresa so presta o servizo en Santiago de Compostela polo que, as asociacións do Campus de Lugo quedarían en clara desvantaxe ou excluídas desta parte das axudas.

O informe da Sra. vicerreitora de Estudantes, Cultura e Responsabilidade Social da USC comunica que:

"Infórmolle que revisada a convocatoria comprobamos que non se recollía que a obrigatoriedade de utilización dos servizos de reprografía, impresión dixital e dixitalización documental na empresa "Campus na Nube S.L." está referida unicamente aos servizos prestados no Campus de Santiago de Compostela, tal e como figura na adxudicación do contrato.

Esta vicerreitoría, á vista desta incidencia e tendo en conta o previsto no apartado 8 da convocatoria, publicará na páxina web unha nota aclaratoria ao respecto que será remitida por correo electrónico a todas as asociacións de estudantes e, logo da resolución, informará a todas as asociacións que obteñan unha axuda nesta convocatoria.

Polo tanto á vista do anteriormente exposto, as asociacións de estudantes, para os servizos de reprografía, impresión dixital e dixitalización documental no Campus de Lugo poderán utilizar libremente calquera establecemento do ramo."

Q 1612/02

Foi presentado un escrito de queixa por unha membro do P.D.I., profesora titular, en relación co procedemento seguido para a revisión da súa baixa por enfermidade. No escrito expón:

Solicité una licencia por enfermedad al vicerrector de Organización Académica e PDI por sufrir una enfermedad. Me fue concedida, al cumplir cuatro meses de baja, me llaman de Inspección Médica de Muface y me dan el alta médica en contra del criterio de mi médico de cabecera y del mío propio, ya que tengo una astenia física y psíquica importantes debido a la enfermedad y al tratamiento con corticoides que estoy recibiendo.

El vicerrectorado de Organización Académica e PDI me retira la licencia por enfermedad y resuelve mi incorporación.

En conversación telefónica con Inspección Médica de Muface, me dicen que no hay ninguna posibilidad de recurrir la resolución de alta médica, que la inspectora médica de Muface está por encima de cualquier otro médico y no se puede pedir una segunda revisión. Pero que, con el certificado de No Apta del servicio de Vigilancia de la Salud, el vicerrectorado de Organización Académica e PDI me puede conceder una nueva licencia de enfermedad. Así que, llamo por teléfono al servicio de personal y me dicen que la USC no puede hacer nada y que tengo que ir a trabajar. Que tengo la opción de ir al tribunal contencioso administrativo y, cuando les digo que los juicios están tardando unos 3 años, me responden que pida medidas cautelares y que me atenga a las consecuencias si no voy a trabajar.

El 28 de noviembre acudo a dar clase a los alumnos de segundo curso del grado, pero me encuentro mal, incapaz de dar la clase, así que me voy directamente a mi médico de cabecera y me da una nueva Baja por Recaída.

Ese mismo día acudo a Acción Social para llevar el parte de baja y les enseño el certificado de No Apta y, ante mi sorpresa, la funcionaria con la que había hablado por teléfono me dice que es la primera noticia que tiene de ese certificado. Intentan ponerme trabas para seguir de baja y pretendían que fuera a trabajar al día siguiente, a lo que respondí que, legalmente, con ese parte de baja, no puedo ir a trabajar.

En este momento, estoy de baja por recaída, con licencia por enfermedad.

Trasládase a queixa á Sra. vicexerente de Persoal solicitando un informe, e remítese o da Sra. xefa do Servizo de Xestión de Persoal no que se indica:

.../ CONCLUSIÓNS

- A competencia para a concesión ou denegación da licenza por enfermidade correspóndelle ao Reitor da USC, tendo en conta que a valoración médica efectuada pola Unidade Médica do INSS ten carácter vinculante.
- As recaídas deberán ser acreditadas polos servizos médicos competentes.
- Producida a expedición dun novo parte de baixa con recaída, o órgano competente é o que concede novamente a licenza por enfermidade.
- A funcionaria deberá seguir o procedemento establecido na instrución XII/2015 da Xerencia da USC.

Q 1612/03 => Recomendación

Foi presentado un escrito de queixa por unha profesora, en relación coa non resposta por parte da Vicerreitoría de Investigación e Innovación a unha petición de información sobre diversos aspectos relacionados coa súa baixa nun grupo de investigación. No escrito expón:

“O 1 de setembro de 2016, foi enviado un correo electrónico á Sra. Vicerreitora de Investigación e Innovación da USC, co obxecto de poder avanzar na problemática plantexada pola devandita Vicerreitora: baixa do Grupo ... da Investigadora En particular, no devandito correo electrónico se lle solicita a acta onde se recolle o acordo tomado pola Comisión de Investigación delegada do Consello de Goberno da USC reunida, segundo a propia Vicerreitora, o pasado Así mesmo, solicítase a relación de actividades e produción científica xerada pola Dra. ... durante o período de pertenza ao Grupo de Investigación, así como as liñas de traballo e material inventariado que haberá que repartir co fin de que se produza a migración ao posible novo Grupo de Investigación en condicións óptimas e respectando o principio da equidade e xustiza. Por outra parte, se lle sinala que habería que acreditar unha serie de méritos e proceder a uns pagos pendentes.

O 15 de novembro de 2016, se lle envía un recordatorio coa finalidade de poder avanzar no proceso. Non se obtén resposta por parte da Sra. Vicerreitora de Investigación e Innovación da USC. Na actualidade seguimos na mesma situación: silencio pola súa parte.

Entendo que non é de recibo este silencio, pois se lle están vulnerando os dereitos á Dra. ... en calidade de investigadora. Ni tan sequera ten coñecemento oficial da súa situación como tal.”

Respecto da queixa presentada mantense unha xuntanza coa Sra. vicerreitora e efectúase a seguinte recomendación:

- Que se lle envíe á Prof. o documento correspondente onde se recolle o acordo tomado pola Comisión de Investigación delegada do Consello de Goberno da USC.

- Que se fagan as xestións precisas que permitan discriminar a relación de actividades e produción científica xerada pola Dra. ... durante o período de pertenza ao Grupo de Investigación, así como as liñas de traballo e material inventariado que lle puideran corresponder.

Q 1612/04

Foi presentado un escrito por unha profesora da USC, en relación co proceso de acceso a documentos polos interesados nun procedemento, neste caso a consulta de documentación dun concurso de selección de persoal do que foi parte. No escrito expón:

“O pasado día 14 de decembro acudín á oficina de Planificación de Profesorado a fin de consultar a documentación dun concurso do que fun parte. Ademais de denegárseme a toma de fotos para axilizar a posterior consulta pausada a efectos de poder interpoñer no seu caso un recurso fronte á resolución indicóuseme que a única forma de acceso era previo pago dunha taxa e que non se me facilitaría copia simple das páxinas solicitadas senón compulsada. Tampouco existía a posibilidade de acceso electrónico como fixan as leis. Dous días despois comunicóuseme por teléfono que xa estaban listas as copias compulsadas para as recoller (recortando, por tanto, en dous días o prazo de dez dispoñible para o recurso).

O mesmo día da consulta presentei unha queixa ante o Reitor xa que entendo que a resolución reitoral na que basean a denegación de acceso viola os dereitos de obtención de copia recollidos na lexislación vixente. A compulsas é unha garantía de veracidade para o administrado pero en absoluto unha condición para o dereito de obter copia recollido no ordenamento. Resulta un absoluto despropósito pretender facer caixa a conta dos dereitos dos interesados no procedemento. Entendo que non é unha cuestión que me afecte a min soamente senón que é extensible a calquera persoa que poida ser parte dun procedemento na USC polo que require un cambio urxente.../

No informe solicitado á Secretaría Xeral da USC indícase ao respecto:

.../sobre este tema foille respostado con data do 13 de xaneiro. Este é o contido da resposta dada:

A USC decidiu no seu día que as copias dos expedientes que se entreguen deben ser compulsadas e limitar as persoas que poden entregar copias. Se fixo por dous motivos, un precisamente polas prazas de profesorado. Era habitual que os aspirantes solicitaran a copia íntegra do expediente e dos méritos dos restantes concursantes, cun custe de medios económicos e de persoal inasumible. E por outro o descontrol de copias simples que podían ser entregadas por calquera e manipuladas.

Dende entón eses problemas se eliminaron, o acceso é gratuito pero a expedición de copias se paga coa garantía de que son copias compulsadas por determinados funcionarios. A Lei establece a garantía de acceso e dereito de obter copias pero non que sexan sempre gratuítas. En varias administracións se paga polas copias conforme a taxa fixada.

Como mostra do manifestado temos a Lei de Transparencia que sinala claramente esta disociación entre acceso e copia:

“El acceso a la información será gratuito. No obstante, la expedición de copias o la trasposición de la información a un formato diferente al original podrá dar lugar a la exigencia de exacciones en los términos previstos en la Ley 8/1989, de 13 de abril, de Tasas y Precios Públicos, o, en su caso, conforme a la normativa autonómica o local que resulte aplicable.”

No caso da USC tanto en acceso por transparencia como pola condición de interesado nun procedemento sempre se paga conforme a tarifa da Xunta, agás cando se da información ou copias de documentos como membros dun órgano colexiado.

No caso de procedementos electrónicos o expediente completo pode estar a disposición nos servidores da USC polo que o acceso xa está garantido en cada momento. E non se necesitan copias compulsadas por canto o documento electrónico ten un CSV comprobable en calquera momento, se ben se pode requirir unha “copia auténtica” que non é mais que o mesmo documento cun metadato de “copia”. No caso de prazas de profesorado non existe expediente electrónico, polo que este réxime non pode ser aplicado.

5. Tanto o Servizo e Planificación de PDI (persoal e telefonicamente), como a resolución reitoral e as respostas enviadas por correo electrónico explican adecuadamente á Profª. como se expiden copias de documentos na USC.

6. O procedemento seguido neste caso é o de xeral aplicación cando se solicitan copias de documentos de procedementos da USC e mais en concreto nos relativos a procesos selectivos de persoal. Eximir á Profª. dos mesmos tramites e requisitos que os esixidos as demais persoas interesadas suporían un trato privilexiado e discriminatorio, absolutamente vedado para unha institución do sector público como é a USC.

7. Tanto a Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (que é a lei aplicable neste caso) como a Lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas (que se aplica supletoriamente ás universidades cando non exista normativa específica) non recoñecen o dereito á expedición de copias simples dos documentos que forman parte dun procedemento administrativo, senón que fan referencia á expedición de copias auténticas para que podan ter validez e ser empregados polas persoas interesadas no exercicio e defensa dos seus dereitos (arts. 46 e 27 respectivamente). A normativa da USC que regula a expedición de copias e compulsas, que está vixente e resulta de aplicación por non ser contraria a normativa posterior de rango superior, establece expresamente: *“Terceiro. O dereito a obter copias suporá só o dereito a obter copias compulsadas dos documentos que figuran nun expediente e o deber do solicitante de aboamento das taxas correspondentes.”*

8. Por outra banda, incluso a Lei de Transparencia transcrita no texto da queixa, e que non é aplicable a este caso, xa que cando a persoa solicitante de acceso ten a condición de persoa interesada nun procedemento é de aplicación a lei de procedemento e non a lei de transparencia, establece que a expedición de copias pode dar lugar á esixencia de exacción nos termos previstos na lexislación de taxas ou conforme á normativa que resulte aplicable.

De todo o anterior debe concluírse que a actuación da Vicerreitoría de Organización Académica e PDI e en concreto do Servizo de Planificación de PDI foi a correcta e, en ningún, caso limitou ou imposibilitou os dereitos da Profª. no proceso selectivo.”

Ante a disparidade de interpretación xurídica entre o exposto pola presentadora da queixa e o informado pola Secretaría Xeral solicitáronse informes externos ao respecto.

Q 1701/01

Foi presentado un escrito por unha estudante en relación coa demora na expedición do título dun Máster propio. No escrito expón:

“Durante el curso pasado fui alumna del Máster ... de la USC, cursé dos asignaturas que había suspendido el curso anterior. Una vez entregados todos los trabajos de esas dos asignaturas, todos ellos aprobados, pregunté al director del máster cuando recibiría la información indicando que había superado exitosamente el curso. El 26/09/16, el director del Máster, me respondió en un email que firmaría el acta de superación del máster tan pronto fuese emitida por el Centro de Posgrado y que para cualquier cuestión contactase con un funcionario del centro de postgrado para preguntarle, cosa que hice.

Desde el 30 de septiembre de 2016 he enviado varios e-mails a ese funcionario para saber cuándo recibiría el título o donde podría recogerlo o simplemente saber que nota tengo en el máster, pero las respuestas siempre me indicaron que esperase y preguntase en otro momento. En su último email (5/12/16):

"Ainda non recibimos a acta cuberta.
Recordaremos aos responsables do máster"

A estas alturas del año, tras varios meses considero que la demora en la respuesta a mis cuestiones es inadmisibile. Ni siquiera conozco la nota, no sé cuándo recibiré el título y si necesitase la confirmación de superación del máster para presentarme a cualquier proceso de selección tampoco sé dónde podría conseguirlo.”

Solicítase informe ao Sr. xefe da Sección de Posgrao, Terceiro Ciclo e Formación continua, no que indica:

- Que no día 12/01/2017 reciben nesa sección a acta cumprimentada remitida dende os organizadores do curso.
- Que a data que figura na acta é de outubro, pero descoñecen o motivo de porque non foi enviada no seu momento.
- Que podemos indicar á alumna que pode solicitar o título propio directamente na Sección de Títulos.

Dende esta institución contactamos a tal efecto coa Sección de Títulos, onde nos informaron dos trámites que debe seguir para a solicitude telemática do título e trasládase xunto co informe a información á alumna.

Q 1701/02

Foi presentado un escrito por unha doutoranda en relación co procedemento de concesión dos *Premios extraordinarios de doutoramento* e en concreto coa aplicación de criterios específicos de valoración empregados polo tribunal para dita concesión. No escrito expón ter dirixido un escrito de alegación á Escola de Doutoramento Internacional (EDI) indicando:

Que a Escola de Doutoramento Internacional publicou uns "Criterios para a concesión dos premios extraordinarios" de doutoramento o 15 de xuño de 2016, e o 9 de xaneiro de 2017 publicou a proposta provisoria da concesión dos Premios xunto cos criterios específicos de valoración que empregou o tribunal para dita concesión, onde se puntuaron só algúns dos criterios xerais que se tiñan publicado na convocatoria e outros non puntuaron nada.

En relación con isto, ALEGO:

- Que se puntuén todos os méritos que se solicitaban na convocatoria do premio extraordinario publicada en xuño, xa que se se decide a posteriori que criterios entrarán no baremo e cales non, podería permitir que unha persoa do tribunal propuxera valorar uns ou outros méritos dependendo dos que posuía unha persoa á que supostamente quixera favorecer no proceso de selección.
- Que en futuras convocatorias, os criterios específicos de valoración se publiquen na propia convocatoria de concesión do premio e non queden pendentes de fixar polo tribunal unha vez xa teñen as solicitudes para optar a dito premio.

Por poñer un exemplo que resuma o que eu considero un erro do proceso: en xuño publicaron que valorarían "Libros e capítulos de libros con ISBN: edición autonómica, estatal ou internacional" (punto 6. da convocatoria), e hoxe publican que só puntuaron os de edición internacional, o resto non puntúa. Isto débéranos ter publicado con anterioridade, na propia convocatoria do premio, se non da pe a que alguén do tribunal propoña puntuar uns criterios e outros non, dependendo o que poida ter unha determinada persoa á que quixera favorecer.

Solicitado informe ao Sr. director do Centro Internacional de Estudos de Doutoramento Avanzados, comunicou que o tribunal analizou as alegacións presentadas pola alumna resultando desestimadas ao entender que os méritos da solicitante foron correctamente avaliados conforme aos criterios e baremos establecidos polo tribunal no exercicio da discrecionalidade técnica que lle corresponde.

Q 1701/03

Foi presentado un escrito por un alumno no que indica:

- Que lle foi anulada de oficio a matrícula no Máster en ... por non ofertarse a titulación para o curso 2016/2017, de acordo co disposto no Decreto 161/2015:

“Nas ensinanzas universitarias oficiais de máster universitario, demostrárase que a titulación proposta terá un número anual de estudantes de novo ingreso non inferior a 20... O incumprimento do requisito sinalado nos parágrafos anteriores suporá a non impartición da titulación afectada no curso académico inmediatamente posterior. A titulación só poderá ofertarse novamente unha vez que a universidade modifique o plan de estudos para asegurar a súa viabilidade.

Constatándose unha vez comezado o curso que o número de alumnos matriculados no Máster era de 9, procedeuse á súa anulación.

- Que é un estudante natural de Colombia e cando a USC lle comunicou a anulación do Máster xa se atopaba en España e tiña incorrido en distintos gastos e actuacións coa finalidade de poder cursar e sufragar os gastos derivados do mesmo (gastos de desprazamento en avión e tren, venta dun vehículo e outros bens materiais, renuncia a posto de traballo...)

- Que ten dirixido á USC unha solicitude de responsabilidade patrimonial da Administración polos danos e prexuízos ocasionados, da que non ten recibido resposta.

Foi tramitada outra queixa análoga (Q1609/09) motivada pola supresión do Máster en ... na que se recolle un informe do Sr. vicerreitor de Oferta Docente e Innovación Educativa que pon de manifesto que a actuación da Universidade no desenvolvemento do proceso obxecto da queixa non foi, cando menos, a máis axeitada e se recoñecen disfuncións e responsabilidades.

Envíase copia do mesmo para que sexa tido en conta na resolución da solicitude de responsabilidade patrimonial que ten presentada o Sr. ... e solicito que se resolva con celeridade e me informe da resposta que se lle da á mesma.

Con posterioridade a Secretaría Xeral informa que a reclamación patrimonial non foi estimada.

Q 1701/04

Foi presentado un escrito pola Coordinadora dun Máster remitindo a solicitude de anulación de matrícula en dito máster que ten presentada unha alumna motivada nunha situación adventicia que a incapacita para a actividade académica. No escrito expón:

“.../remítolle a solicitude cursada pola alumna que o presente curso está matriculada no máster do que son coordinadora.

Derivado dun traumatismo músculo-esquelético foi necesaria a hospitalización e a intervención cirúrxica dunha fractura complexa.

Ademais, dada a lesión sufrida e necesario un período prolongado de rehabilitación. Ambos aspectos son incompatibles coa asistencia á docencia expositiva, interactiva e a realización das prácticas

Atendendo ás circunstancias citadas prégoles a título de coordinadora do citado máster que medie para un informe favorable á petición cursada pola alumna.”

Por outra banda na solicitude da alumna, indícase:

“.../ que ... ruego la devolución del pago de matrícula y anulación de la misma para poder realizar los estudios el próximo año.”

O informe solicitado ao Servizo de Xestión Académica, en resume, indica:

.../En aplicación do disposto na convocatoria, a estimación de anulación da matrícula non dá dereito á devolución dos prezos públicos aboados polo que na resolución reitoral que se remite á alumna, , indícase que a Unidade de Xestión Académica procederá a emitir a liquidación correspondente polos servizos académicos prestados. Achégase a nova folla de liquidación na que se fixo a compensación entre o importe aboadado pola alumna correspondente ao primeiro prazo de matrícula 982,90 € e o importe dos servizos académicos prestados (materias anuais e do primeiro semestre) 920,18 €, polo que procede devolver á alumna a cantidade de 62,72 €.

Q 1701/05

Foi presentado un membro do P.A.S. da USC en relación coa *Convocatoria de Axudas e subvencións de prezos públicos na USC para o curso Académico 2015/2016*. No escrito expón:

1. Que con data 2016 concedéuseme axuda o estudo de Grao na UNED por un importe de 163,44 € por medio da CONVOCATORIA DE AXUDAS E SUBVENCIÓNS DE PREZOS PÚBLICOS NA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (USC) PARA O CURSO ACADÉMICO 2015-2016.
2. Que o importe total do prezo da matrícula, excluindo os gastos de secretaría, foi de 270€.
3. Que as bases pola que se rexeu a antedita convocatoria, recolle no punto 2.2.2 que as/os titulares que se matriculen na UNED por incompatibilidade de horario ou lugar de traballo teñen dereito a "axuda nos mesmos termos", que as recollidas no punto 2.1.
4. Que a base 2.2.3 foi modificada sen pasar polo órgano competente para a súa modificación, e polo tanto non esgota os prazos para interpoñer recurso.
5. Que, a modificación da citada base, supón as/os traballadores da USC que non poden acceder ao SISTEMA UNIVERSITARIO GALEGO, un claro caso de discriminación.
6. Que o Convenio Colectivo para o Persoal Laboral da USC de data 30-12-2008, aínda vixente, recolle no seu artigo 86 MEDIDAS DE ASISTENCIA SOCIAL, a matrícula gratuíta para os traballadores. Asemade, no artigo 87 FONDO DE ACCIÓN SOCIAL, recóllese o financiamento de sistemas complementarios de axudas ao estudo.

Admitida a queixa a trámite solicitouse ao Sr. Presidente do Comité Intercentros un informe respecto da modificación do punto 2.2.3 da convocatoria de axudas, respostando o seguinte:

- 1.- Non temos recibido ningunha información previa da modificación referida.
- 2.- Considero efectivamente que as axudas e subvencións de prezos públicos da citada convocatoria forman parte da acción social da USC (non teñen outra xustificación) e naturalmente a súa modificación ten que ser negociada cos representantes do persoal.
- 3.- Confírmolle que a dita modificación non foi negociada coa representación deste persoal laboral.

Á vista do anteriormente exposto, solicítase informe á Xerencia, no que se indica:

1. As convocatorias de axudas e subvencións de prezos públicos na Universidade de Santiago de Compostela apróbase cada ano e teñen vixencia durante o curso académico correspondente. A súa tramitación sitúase no ámbito de competencia da Vicerreitoría de Estudantes, Cultura e Responsabilidade Social.
2. Con respecto á convocatoria de axudas do curso 2015/2016, concretamente ao contido da base 2.2.3, a instancia dun dos sindicatos con representación nos comités de empresa de PAS, o día 17 de xuño de 2016 tivo lugar unha reunión da Comisión Paritaria do Convenio Colectivo do persoal laboral de administración e servizos da USC, co obxecto de resolver a discrepancia suscitada en torno ás "modificacións introducidas na

aplicación do artigo 86° (Título XV, Asistencia Social) por parte da Universidade de Santiago de Compostela". Este artigo refírese ás medidas de asistencia social e concretamente, no relativo ao ensino universitario, sinala que "A *universidade habilitará os medios para conseguir que a matrícula nos centros universitarios dependentes das universidades públicas galegas sexa gratuíto para os traballadores activos e xubilados, para os seus cónxuxes ou persoas coas que convivan maritalmente, e para os fillos ao seu cargo.*"

3. Nesa reunión da Comisión Paritaria ambas partes expuxeron a súa postura sobre a cuestión suscitada e na acta de dita reunión, da que lle achego unha copia, quedou recollida a explicación que a Xerencia ofreceu en relación co tratamento do ámbito ao que se retire ese artigo, especificamente no relativo ao ensino universitario, desde que entrou en vigor o convenio no ano 2008."

Q 1701/06

Foi presentado un escrito por un profesor en relación co procedemento seguido para o seu cese como director do departamento e o nomeamento do novo director electo. No escrito expón:

"En febrero de 2013 fui elegido Director del Departamento, por lo que mi mandato, de 4 años (art. 21.1.b del Reglamento Electoral Xeral), terminaría el 29 de enero de este año (así me lo confirmaron por teléfono en la Secretaría Xeral).

Por otra parte, y de acuerdo con el art. 61.2 de ese Reglamento (cito textualmente) "As eleccións convocaraas o titular do cargo unipersoal, coa debida antelación para que teñan lugar antes do termo do seu mandato, e en calquera caso como mínimo un mes antes deste." En consecuencia, convoqué las elecciones para que tuviesen lugar el pasado día 20 de Diciembre, siendo elegido el profesor ... como nuevo director.

El día 17 de enero de 2017 recibí una resolución rectoral cesándome como director con efecto de 10 de enero de 2016. Consultada la Secretaría Xeral, me confirmaron que había un error en la fecha de cese, que debía ser corregida. El 24 de enero de 2017 recibí la corrección de ese error, en la que se especifica como fecha de cese el 10 de enero de 2017.

De ser cierto esto, todo lo expuesto pone de relieve, a mi juicio, fallos en los procedimientos que dan lugar a incoherencias difíciles de resolver, especialmente y en mi caso,

- 1.- la imposibilidad de cumplir el mandato de 4 años como director ya que estoy obligado a convocar elecciones antes de que se termine.
- 2.- que se haya ordenado mi cese, antes del fin del mandato, sin que se dé ninguno de los supuestos para ello (art. 21 del Reglamento).
- 3.- que mi cese se produzca con efectos retroactivos (lo que invalida mis actuaciones como director desde la fecha del cese hasta que me fue comunicado).
- 4.- que se produce un perjuicio económico al no recibir (supongo) el complemento por cargo académico que me correspondería."

O informe solicitado á Secretaría Xeral indicaba:

"En canto á primeira cuestión que expón o reclamante, o Regulamento Electoral Xeral da USC establece no artigo 61.2 que o titular do cargo unipersoal deberá convocar as eleccións coa debida antelación para que a votación teña lugar antes do termo do mandato, e en calquera caso, como mínimo, un mes antes do remate do mesmo. Por tanto, é a normativa en vigor a que establece ese criterio.

No referente á outra cuestión exposta polo profesor, relacionada coa data do seu cese, na Secretaría Xeral recibimos o día 29 de decembro de 2016 o escrito coa comunicación do resultado das eleccións de director do Departamento. O procedemento habitual na Secretaría Xeral é facer os nomeamentos e ceses, na medida que a carga do traballo o permita, á maior brevidade. Polo tanto, normalmente ao día seguinte da recepción da comunicación dos Departamentos, xa preparamos as resolucións. No caso que nos ocupa, ao estar nesas datas no período das festas de Nadal, o cese non se fixo ata o día 11 de xaneiro de 2017, unha vez rematado o período festivo. Esta resolución de cese foi modificada o día 20 de xaneiro, ao detectarse un erro xa que se

indicaba que cesaba o 10 de xaneiro de 2016, cando obviamente tiña que ser o 2017, pero nesa resolución unicamente se modificou ese dato.

Co obxecto de axilizar o procedemento na actualidade xa estamos facendo todos os ceses e nomeamentos a través da sede electrónica, polo que todos son asinados electronicamente polo Reitor e remitidos aos destinatarios a través do Rexistro Electrónico.”

Q 1701/07

Foi presentado un escrito por unha profesora en relación coa demora na resposta a unha comunicación de presunto acoso laboral que ten efectuado. No escrito, en resume, expón:

“No ano 2015 informei á USC da situación de acoso laboral vivida no Departamento. A día de hoxe, non teño información nin resolución ao respecto. En numerosas ocasións púxenme en contacto co Sr. Reitor, dado que a Comisión de Resolución de Conflitos informoume no seu momento de que o Sr. Reitor xa tiña na súa man o informe final correspondente e que o Sr. Reitor tería que convocarme, informarme e adoptar as medidas oportunas. A resposta obtida, a día de hoxe, por parte do Sr Reitor: silencio. Agardo, como é de esperar, unha resolución.”

Solicitado o correspondente informe a Secretaría Xeral da USC veu a indicar o seguinte: “que o día 1 de febreiro comunicouse ás partes implicadas a resolución reitoral coas medidas a adoitar para resolver o conflito xerado no Departamento.”

E acompaña a citada R.R. de 1/02/2017 na que se indica:

“1. Considerando que CRC no seu informe final propón “...*que se inicie un proceso de mediación para ver si é posible chegar a un acordo que beneficie a ambas partes, de xeito que mellore o clima de traballo no Departamento implicado ...*”

2. Considerando que a situación de problemática relacional non está solventada.

3. Considerando que a USC conta co Centro Integral de Análises y Resolución de Conflitos (CIARCUS), que ten como vocación a de propiciar a pacificación e resolución de aqueles conflitos que se produzan no marco da propia comunidade universitaria, que ademais se constitúe como Rexistro de Mediadores e Mediadoras que pode proceder, coa conformidade das partes, á de designación de un mediador ou mediadora.

Polo anterior, esta Reitoría resolve:

Que o CIARCUS realice unha intervención mediadora entre as partes.”

Q 1702/01=> Recomendación

Foi presentado un escrito de queixa polo alumnado dun *Máster Universitario* en relación coa ausencia de docencia nunhas materias por falta de profesorado. No escrito expoñen:

1. No día de hoxe 30/01/2017, e tras acudir á clase programada, fomos informados verbalmente pola Secretaria do Departamento, da problemática acaecida nas materias ...

2. Esta problemática implica a suspensión da docencia nas únicas dúas materias da nosa especialidade deste segundo cuadrimestre “sine día”.

3. Tras reunirnos co decano desta Facultade confirmounos esta circunstancia sen aportar solucións inmediatas.

Acompañan ao anterior escrito con outro da Dirección do Departamento no que se indica:

- 1.- A cobertura desta docencia, facendo uso do procedemento de conferencias e horas extras, foi acordada na xuntanza mantida o día 30 de novembro de 2016 co Sr. vicerreitor de Organización Académica e Persoal Docente e Investigador.
- 2.- O departamento fixo en tempo e forma as xestións oportunas conducentes a resolver a situación plantexada, recadando a colaboración de especialistas nas distintas materias.
- 3.- Estes especialistas amosaron a súa dispoñibilidade ao respecto e comezaron a preparar as materias correspondentes.
- 4.- Os datos necesarios para a autorización por parte da Vicerreitoría foron enviados en tempo e forma.
- 5.- A dirección do departamento amosa a súa sorpresa xa que, chegado o día do comezo das clases do 2º cuatrimestre, aínda non se autorizou por parte da Vicerreitoría, a incorporación dos especialistas cos que o departamento tiña contactado, malia as reiteradas solicitudes nese senso dende a dirección do departamento.
- 6.- Por todo isto, a dirección do departamento declina calquera responsabilidade a respecto da falta de profesorado e dos prexuízos que a situación exposta poida ocasionar aos estudantes.
- 7.- A dirección do departamento continuará facendo as xestións oportunas diante do Reitorado a fin de resolver a situación o antes posible.

Con posterioridade, os alumnos envían outra comunicación na que manifestan que dende a Coordinación do Máster se lles informa con data 01/02/2017 da continuación das clases con normalidade.

Efectúase unha *recomendación* á Vicerreitoría de Organización Académica e Persoal Docente e Investigador para que se analicen as circunstancias que deron lugar á demora na resolución da cobertura da docencia obxecto da queixa, e se adopten as medidas precisas para que situacións como a descrita non se reproduzan no futuro, garantindo o dereito do alumnado a recibir unha docencia de calidade.

Mantida unha reunión co Sr. vicerreitor manifesta que xa se ten solucionado o problema obxecto da queixa e a vontade da adopción de medidas que intenten evitar no futuro situacións como a descrita.

Q 1702/02

Foi presentado un escrito por unha estudante do *Grao* en relación coa anulación de matrícula dunha materia na que non se lle oferta docencia. No escrito expón:

“O curso pasado comecei a cursar os meus estudos nunha facultade adscrita a Universidade de Vigo. Tras a finalización do primeiro curso no grao, solicitei o traslado de expediente á Facultade da Universidade de Santiago de Compostela, en Lugo. Unha vez aceptada, para continuar os meus estudos no Grao, solicitei a validación de materias para proceder a matriculación definitiva. Coa resolución da solicitude dirixinme a Unidade de Xestión Académica, onde me informaron de que estaba matriculada na primeira edición do plan de estudos da carreira. Cando me dispuña a modificar a miña matrícula, para poder cursar materias do segundo curso e darme de baixa nas xa validadas, decidín informarme sobre a materia ..., a cal sabía que este curso non se ía a impartir no Grao. A solución que me ofrece a Facultade é cursar a materia xunto co grupo doutro Grao neste curso 2016-2017, no que se imparte no primeiro curso, segundo semestre. Esta solución non me satisface como futura docente da especialidade, xa que as sesións interactivas desa materia van a estar orientadas ás dificultades e trastornos, que son moi diferentes ás do alumnado do meu

Grao, que é para o que eu me estou a formar, e para o que me matriculei inicialmente nesta materia, segundo consta no seu programa oficial.

En virtude de que a materia non pode cursar con dereito a docencia. Nin adaptada ao Grao, o cal vulnera o indicado no programa, que foi a referencia que eu manexei no momento de matricularme.”

No informe solicitado o Servizo de Xestión Académica indica:

Á vista das causas alegadas pola alumna, e do informe do coordinador do Grao, remíteselle resolución reitoral estimando a solicitude de anulación da citada materia. Non procede devolución dos prezos públicos correspondentes á materia por ser a alumna solicitante de bolsa do MEC.”

Q 1702/03

Foi presentado un escrito por unha estudante en relación co proceso de admisión e matrícula para cursar os estudos do Grao. No escrito expón:

Cursé las pruebas de acceso para mayores de 25 en el curso de 2012.

Me matriculé en Vigo y terminé en el año 2016 en junio. Ese mismo mes solicito la plaza en la USC. Como pone en la OIU tengo varias formas de acceder y solicito el acceso por la cota de mayores de 25 y por mi nota de titulada.

Me aceptan y me matriculo.

Con posterioridad me anularon la matrícula alegando que para acceder al Grado en la USC solo podía por la cota de titulada.

Yo les mandé algunos correos con la normativa y explicándoles que la PAU no caduca que no pone que sólo se pueda utilizar una sola vez, ellos con la información que le mandé cambiaron la página de la OIU a los pocos días y tramitaron una carta en la cual me anulaban la matrícula.

Ahora encima ni si quiera me han devuelto el importe de pagar la matrícula, llamé y me dicen que yo aparezco como matrícula anulada y que no tienen el impreso de haber pagado nada que tengo que mandárselo yo.

Solicitouse un informe ao Servizo de Xestión Académica, no que se indica:

“Con data 13 de xullo de 2016 a alumna matricúlase no Grao tras ser convocada pola vía de acceso para o alumnado que superou as probas de maiores de 25 anos. A posesión dun título académico de acceso á universidade inhabilita para o acceso a través da proba para maiores de 25 anos, polo que cando se comproba que a alumna formalizou o depósito do título do Grao pola Universidade de Vigo con data 10 de xuño de 2016, indícaselle que se procederá á revisión do seu expediente.

Con data 27 de xullo de 2016 anúlase a matrícula da alumna e queda na listaxe de preinscrición para iniciar estudos no Sistema Universitario de Galicia na orde correspondente pola vía de titulada..../”

Q 1702/04=> Recomendación

Escrito presentado por un alumno facendo referencia a distintos aspectos que podían afectar á calidade da docencia nunha materia e que se podían resumir en:

1º.- Exigua taxa de éxito na materia

2º.- Que o material didáctico subido á aula virtual está redactado en inglés.

En relación co primeiro aspecto recadouse información da Facultade respecto da análise do título para o curso académico 2015/2016 amosando os seguintes resultados:

- Taxa de éxito do 2º curso (no que se imparte a materia): 56,43%

- Taxa de éxito do Grao: 66,41%

- Taxa de éxito da materia:

2013/2014	2014/2015	2015/2016
59,72%	54,81%	29,94%

Así pois, na información apréciase para o curso académico 2015/2016 unha desviación significativa entre a taxa de éxito da materia e a do curso, ou mesmo da titulación. Así como un detrimento relevante de dita taxa de case o 50% no curso 2015/2016 respecto do que viña sendo habitual en cursos anteriores.

Por iso efectuouse con data 28/02/2017 unha recomendación á Sra. decana da Facultade para *“que por parte da Comisión Académica da Facultade se analice a situación descrita para a adopción das medidas oportunas ao respecto.”*

No referido ao material didáctico redactado en inglés solicitouse ao respecto un informe á Secretaría Xeral da USC, que ven de indicar o seguinte:

.../En consecuencia, o idioma vehicular para a docencia é o galego ou o castelán e non existe ningunha especialidade de impartición para a materia, polo que o material elaborado ad hoc para o alumnado da materia debe estar redactado maioritariamente no idioma fixado na programación académica. Isto non implica que algún material -por exemplo artigos científicos podan estar no seu idioma orixinal na aula virtual .

Polo que, á vista do expresado anteriormente e complementando a recomendación que xa se tiña efectuado, *recomendo* que por ese Decanato da Facultade *“se adopten as medidas oportunas para que se verifique que o idioma vehicular para a docencia é o galego ou o castelán e por conseguinte o material elaborado ad hoc para o alumnado estea redactado maioritariamente no idioma fixado na programación académica das distintas materias.”*

En relación ás recomendacións efectuadas na tramitación da queixa, a Sra. decana da Facultade informou da realización das seguintes actuacións:

- “- Con data de 10 de marzo de 2017 foi analizado o motivo da reclamación por parte da Comisión Académica de Grao.
- Con data de 20 de abril de 2017 foron estudadas polo equipo de goberno da Facultade, o coordinador do módulo e os docentes da materia as posibles causas do problema.
- Con data de 27 de abril de 2017 foron tamén enviadas ao director do Departamento as recomendacións feitas por parte do Valedor da Comunidade Universitaria.”

Q 1703/01=> Recomendación

Recibiuse un escrito por parte dunha alumna con mobilidade reducida sobre certas deficiencias para a súa plena integración e sobre a demora na contestación por parte da Universidade.

Así pois, solicitouse informe ao Servizo de Participación e Integración Universitaria sobre a tramitación do escrito que recollía as demandas da alumna, que contesta dicindo que o puxo en coñecemento da Área de Infraestruturas, e mantivéronse entrevistas co responsable da Unidade de Arquitectura e Xestión de Espazos e coa Sra. Decana da Facultade para analizar a situación. Como resultado destas entrevistas constatouse a boa vontade de todos os axentes implicados en tratar de buscar solucións.

E *recoméndase* á Dirección da Área de Xestión de Infraestruturas que por parte desa dirección se fagan, con celeridade, as xestións oportunas para coordinarse entre os axentes implicados e subsanar na medida do posible as deficiencias sinaladas na queixa.

En relación coa recomendación o Sr. director da *Área de Xestión de Infraestruturas* informa das actuacións que comunica ter efectuado ao respecto:

“O pasado día 20 de abril, efectuamos unha visita ás instalacións da Facultade, en compañía da Sra. Decana, da alumna que presentou a queixa, e máis da representante comercial dunha empresa especializada en mobiliario de aulas.

Identificadas as accións que serían razoablemente posibles, e descartadas aquelas que de común acordo consideráronse inviables, decidiuse actuar en tres fronteas simultáneas para resolver aqueles problemas que precisan de accións identificadas como posibles.

- Por unha banda, a Facultade utilizará os seus propios medios para accións como desmontar de tres butacas no salón de actos.
- Pedíuse un orzamento a unha empresa construtora para desmontar o zócalo e a recolocación das mesas dun laboratorio de prácticas, de tal xeito que sexan accesibles en cadeira de rodas.
- Pedíuse orzamento a unha empresa especializada en mobiliario de aulas para realizar unha pequena reforma en catro das aulas da facultade (unha por curso), coa subministración do mobiliario preciso, de tal xeito que co mínimo investimento posible se poida garantir a accesibilidade a unha das aulas en cada curso do grao. Unha vez recibamos os orzamentos solicitados analizarémolos e avaliarémolos, por se fora recomendable pedir algún orzamento máis, e trasladaremos as propostas de gasto a quen corresponda, para programar a súa execución en función das dispoñibilidades orzamentarias que non son da nosa competencia.”

Con posterioridade tívose coñecemento de que se implementaron as medidas oportunas.

Q 1703/02

Foi presentado un escrito por un alumno dun Grao en relación co proceso de concesión de Matrículas de Honra nunha materia. No escrito expón:

“1.º Que nunha das materias cursadas no primeiro cuadrimestre obtivo unha cualificación global de 9,8.

2.º Que, malia ser esta a mellor nota final na materia, non se lle outorgou Matrícula de Honra e en cambio si se lle concedeu a dous alumnos con nota inferior á súa, constituíndo polo tanto un agravio comparativo.

3.º Que na *Normativa de avaliación do rendemento académico dos estudantes e de revisión de cualificacións* (Resolución do 15 de xuño de 2011-DOG n.º 140 do 21 de xullo), e na Memoria do Grao especificase que todo o referente ao sistema de avaliación e cualificación deberá estar contido na guía docente anual da materia.

4.º Que na devandita guía expónse literalmente:

«A cualificación global será a maior das dúas notas seguintes:

- a nota do exame final.

- a media ponderada da nota do exame final (75 %) e a avaliación continua (25 %)

A avaliación continua consistirá nun control no liberatorio e na resolución de problemas (e, no seu caso, na exposición pública desta)

A avaliación continua conservarase para a segunda oportunidade.».

E non se menciona nada que permita alterar a orde natural de concesión de Matrículas de Honra.

5.º Que a maior das dúas notas anteriores obtidas polo solicitante foi a do exame final (9,8).

6.º Que na revisión do exame o profesorado da materia manifestou que tivo en conta a norma anterior para calcular a cualificación global do alumno pero que, non obstante, para a concesión de Matrículas de Honra alterou a antedita norma e considerou a peor das dúas notas.

7.º Que, ao preguntar o alumno por que esa excepción non aparecía na guía docente anual da materia, ao igual que si se especifica noutras materias, non obtivo resposta algunha.

8.º Que o alumno considera contradictorio aplicar a normativa da guía docente para a obtención da cualificación global e non aplicala para a concesión de Matrículas de Honra.

No informe solicitado a Secretaría Xeral indica:

Que unha matrícula de honra non se trata dunha cualificación senón dunha “mención” honorífica. En todo caso se o alumno non está conforme coa cualificación debería presentar a oportuna reclamación perante o Decanato, xa que pola vía da queixa non se pode mudar a cualificación outorgada.

Q 1703/03

Foi presentado un escrito por un alumno dun *Máster Universitario* no que pon de manifesto a imposibilidade de facer efectiva a conciliación da súa actividade profesional e a súa vida persoal, condicionada por unha enfermidade grave da súa dona, coa actividade discente en dito Máster. No escrito expón:

Que debido a la gravedad de la enfermedad de mi mujer no he podido realizar los exámenes de 4 asignaturas del módulo común del Master. Esta incidencia fue comunicada al Coordinador, que ha sugerido que debería informarle a cada profesor mis circunstancias personales. Sin embargo, he desistido por motivos de confidencialidad.

Además, debido a mi horario laboral, sufro un retraso en el horario de entrada a las clases presenciales del Master sin que ello suponga una ausencia de las mismas.

Esta incidencia ha dado lugar a que la profesora no admita este retraso y por tanto lo considere ausencias y no me proporciona la hoja de firmas y no sólo esto, sino que me niega el material de clase y la posibilidad de participar en las actividades del aula.

A presente queixa foi admitida a trámite e trasladada á Sra. decana da Facultade formulando a seguinte *recomendación*:

“A queixa ven motivada polas dificultades para facer efectiva a conciliación profesional e familiar coa actividade académica na USC. En relación con esta temática tramitouse de oficio nesta Institución a queixa Q1602/03, rematando coa seguinte recomendación dirixida á Secretaría Xeral da USC:

“.../recomendo que se adopten as medidas necesarias para dar efectivo cumprimento aos dereitos que xa se recoñecen nos textos normativos referidos nesta recomendación, adecuando as diferentes normativas específicas da USC (avaliación, asistencia, guías docentes...) para adaptalas tamén ás necesidades e demandas da sociedade actual, o que sen dúbida redundará nunha mellor prestación de servizos á mesma.”

Así pois, entre tanto que a USC analiza as modificacións normativas necesarias ao respecto, recomendo que dende ese Decanato se adopten as medidas oportunas para que tanto os órganos como as persoas implicadas no proceso da presente queixa faciliten ao Sr. D. ... a conciliación da súa actividade profesional e a súa vida persoal e familiar coa actividade discente como alumno do *Máster Universitario*”

Con posterioridade a Sra. decana da Facultade envía un exhaustivo informe do Coordinador e da profesora no que entre outras cuestións recolle:

.../

3. Na mesma reunión informal referida co alumno, este limitouse a ensinar ao coordinador un documento no que figuraba o seu horario laboral. A vista deste escrito o coordinador lémbrale que a asistencia as clases do máster é obrigatoria, e nesta titulación non hai posibilidade de exención de docencia. Enténdese que esta é a razón de fondo que motiva a imposibilidade de asistencia a clase.

4. Sobre os comentarios realizados sobre a profesora, o coordinador do Máster non tiña ningunha información previa, nin por parte do alumno nin da profesora.

Á vista do escrito presentado polo valedor, solicitoulle a profesora un informe, que achegamos. Nel non se aprecia ningún impedimento para que asinase -cando asiste-,nin negación de material entregado aos alumnos o situado no campus virtual, nin exclusión na participación nas actividades docentes celebradas. Detállanse as datas de clase e as actividades realizadas, nas que se indica que asistiu ao 38.46 % dunha materia e ao 46 % doutra materia. As ausencias sinaladas pódense comprobar nas copias das follas de asistencia que acompañan o informe da profesora.

Como se pode ver no escrito presentado pala profesora, non son certas as afirmacións do reclamante relacionadas coa exclusión da participación nas actividades de clase e na entrega de material de aula.

5. Tendo en conta todo o exposto anteriormente, como coordinador do máster entendo que non está minimamente acreditada unha problemática grave como refire na queixa de conciliación da vida persoal e familiar, nin xustificada a negativa a buscar solucións individualizadas con cada profesor/a das materias nas que está matriculado, senón que a presentación do escrito e os argumentos contidos teñen a intención de evitar os efectos negativos na avaliación da súa falta de asistencia a clase.

E establece as seguintes conclusións:

PRIMEIRA. O alumno tivo retrasos na entrada das clases sen que iso fose obstáculo para que asinase as follas de control de asistencia cando asistiu. A saber: ao 38.46% das clases dunha materia e ao 46% do meu horario na outra materia.

SEGUNDA. Ao alumno non se lle negou o material de clase. Non o puido/quixo recoller nin solicitar porque faltou ao 61.5% das clases da materia.

TERCEIRA. As alegacións do alumno perante o Valedor da Comunidade Universitaria son a todas vistas un subterfuxio para evitar os efectos da avaliación continua e por traballos establecida nas guías das materias, e contemplada na Resolución reitoral do 2 de abril de 2007, xa que, coa aplicación do sistema de avaliación exposto na guía docente correspondente, unicamente realizando a proba final non se pode aprobar.

Q 1703/04

Foi presentado un escrito por unha doutoranda e contratada FPU nun Departamento dando traslado de distintos problemas xurdidos coa directora de tese que tiña asignada e que desencadearon finalmente na renuncia á dirección da tese.

O escrito foi admitido a trámite como unha queixa e dado que indicaba ter dirixido á Comisión Académica do Programa de Doutoramento un escrito explicativo do acontecido, solicitouse un informe ao Sr. Coordinador do *Programa Interuniversitario de Doutoramento en Estudos avanzados*. No mesmo entre outras cuestións indícase que:

“O día 20 abril prodúcese a reunión da CAPD na que o coordinador informa dos últimos acontecementos e a CAPD acorda ratificarse na súa decisión de dar traslado do expediente á Comisión Executiva da Escola de Doutoramento Internacional (EDI) da USC, có fin de que se cumpra o procedemento que figura no Artigo 32 "Resolución de conflitos" do Regulamento dos Estudos de Doutoramento da Universidade de Santiago (DOG 29/8/2012), que prevé que "as dúbidas e controversias que xurdan en relación cós axentes implicados no desenvolvemento do programa de doutoramento serán levadas polos interesados en primeiro termo ante a comisión académica do programa. No caso de que as controversias conclúan nun conflito, trasladaranse á

Comisión de Doutoramento" e, en particular, no Artigo 45 da resolución de 19 de novembro de 2015 (BOE de 27 de novembro) da Secretaría de Estado de Educación, Formación Profesional e Universidades, pola que se convocan axudas para a Formación de Profesorado Universitario (FPU)."

Mantivéronse varias reunións coa Sra. vicerreitora de Investigación e Innovación para analizar a problemática descrita. Como resultado por parte da Vicerreitoría solicitouse ao Ministerio o cambio do director de tese, que finalmente foi autorizado.

Q 1703/05=> Recomendación

Foron presentados escritos por alumnado dun Curso de Formación Continua expoñendo, en resume, que no referido curso se teñen dado modificacións da programación académica, cambios no profesorado, ausencia de oferta de prácticas en empresas, é dicir, distintas modificacións das condicións e características iniciais ofertadas nese curso e que consideran redundan nunha calidade do mesmo non acorde aos estándares que se lle presume á USC.

Admitida a queixa a trámite solicitouse un informe ao respecto á Vicerreitoría de Oferta Docente e Innovación Educativa, remitindo o elaborado polo Centro de Estudos Propios (CEP) no que, entre outras cuestións, se recolle o seguinte:

.../

10. É evidente, pois, como resulta do exposto, que, á luz das queixas recibidas, o Centro de Estudos Propios está a revisar actualmente a calidade do Curso, antes de decidir que se manteña, nas mesmas condicións que as actuais, en edicións sucesivas, dentro da oferta de títulos propios da USC. Do proceso en marcha podería, eventualmente, resultar a necesidade de realizar modificacións puntuais para aprobar a proposta, xa presentada, dunha nova edición.

Da análise dos escritos de queixa e do expresado no anterior informe pódense extraer as seguintes consideracións:

1.- No presente caso, despois do desenvolvemento dos acontecementos, pódese afirmar que non parece que se procuraran as solucións máis axeitadas para a resolución dos conflitos manifestados polo alumnado, nin que as actitudes dende a coordinación do curso fosen as máis apropiadas.

.../

É dicir, o alumnado da información facilitada pola guía docente, non pode deducir que as prácticas tuteladas en empresas que indica o programa son optativas, nin que a docencia do curso ten carácter semipresencial nun 53%. A mosando unha deficiente información da oferta, que induce á confusión, e non acorde coa realidade do curso.

.../

Así pois, pode entenderse como determinante para a elección por parte do alumnado dun determinado curso de posgrao o profesorado que forma parte do equipo docente, polo que non pode considerarse como irrelevante a substitución da Prof^a. ..., que non é motivada por un imprevisto e supón unha alteración substancial da oferta inicial do curso.

3.- A Universidade debe ser responsable das disfuncións, pois si ben a prestación do servizo foi realizada, non o foi con estándares de calidade adecuados á prestación do servizo público presumíbel á USC nin en concordancia coa oferta inicial feita ao alumnado.

Por todo o exposto anteriormente *recomendo*:

- Que a Comisión de Estudos Propios analice detalladamente as queixas presentadas e as actuacións efectuadas polas responsables da Dirección do Curso esixindo un plan de mellora que garanta que situacións como as expostas non se reproduzan, para a autorización de renovación do Curso, de selo caso.
- Que se apliquen, con carácter xeral, a todos os Cursos Propios os mesmos controis de calidade que se están a levar a cabo nos estudos de Posgrao oficiais, e en particular, no Curso de Experto obxecto da queixa se adopten medidas de control específicas no caso da aprobación dunha nova edición.
- Se estude a posibilidade dalgún tipo de resarcimento económico ao alumnado do Curso de Experto como pode ser: devolución de parte do importe da matrícula, exención no pagamento das tarifas académicas correspondentes á expedición do título...

Tense constancia de que non foi autorizada a renovación do Curso.

Q 1703/06

Queixa presentada por un alumno referida ás cualificacións recoñecidas nas materias cursadas ao abeiro do programa de intercambio universitario na Universidade de Mendoza (Arxentina).

Solicitada información ao respecto á Oficina de Análise de Reclamacións da USC indícanos que teñen ditado resolución ao recurso que tiña presentado e que foi posta a disposición do alumno na Sede electrónica da USC. Na citada resolución fundaméntase e explícase suficientemente o proceso de recoñecemento das cualificacións obxecto do recurso e a normativa aplicable. Á vista do anterior consideramos que non se ten conculcado ningún dereito, polo que procedemos ao remate da tramitación da presente queixa e ao seu arquivo.

Q 1703/07

Foi presentado un escrito por un alumno de Grao no que manifesta a súa desconformidade coa denegación por ese decanato da súa solicitude de revisión do exame nunha materia baseándose nunha falta de motivación da reclamación presentada. No escrito, en resume expón:

"Debido al criterio arbitrario de evaluación, y por tanto, su ausencia total de objetividad e igualdad respecto al resto de compañeros que cursaron la misma asignatura, solicito: una segunda revisión, tanto de las pruebas como del examen de la primera convocatoria del curso 2016-2017. De igual forma, y si es posible, solicito una segunda revisión, de pruebas y examen, de la misma convocatoria del curso 2015-2016, ya que considero reincidente esta actitud".

No informe que lle foi solicitado, a Sra. Decana da Facultade indica:

"Consultada a profesora responsable da materia, informa que o alumno reclamante acudiu á revisión do exame da materia limitándose unicamente a asinar na lista de revisión, sen querer ver o exame nin pedir aclaracións sobre a corrección e a nota.

Á vista dos feitos, o Decanato resolveu non admitir a trámite a reclamación por falta de motivación, entendendo que non se pode alegar arbitrariedades en fundamentar os motivos e sen tan sequera querer ver o exame, nin pedir aclaracións sobre a corrección e a cualificación."

Q 1704/01

Foi presentado un escrito por unha alumna en relación con distintos aspectos referidos á súa participación nun estudo para un Grupo de Investigación, que se poden resumir en: recepción errónea da información referida ao estudo, non remuneración pola súa participación, e o trato recibido.

Solicítase un informe ao coordinador do grupo de investigación, quen de xeito exhaustivo da conta detallada e explica os feitos acontecidos acompañado da sinatura de testemuñas presenciais dos mesmos, e que en moitos aspectos son contraditorios co indicado pola alumna.

Q 1704/02

Foron presentados por dous alumnos dun *Máster Universitario* escritos que poñen de manifesto a súa desconformidade con distintos aspectos do funcionamento e procedemento de adxudicación das prácticas externas en dito Máster.

Solicítase informe á Coordinación do Máster:

1. El día 15 de marzo se realizó, en la sede de Madrid, de manera presencial con los alumnos, la asignación de prácticas del Máster conforme a la convocatoria oficial elaborada por la Coordinación del mismo.
2. Que, de acuerdo, con dicha convocatoria, la asignación de las plazas de prácticas se realiza conforme a dos criterios: la preferencia del alumno y la nota media de su expediente académico.

Que con posterioridad a la asignación las empresas comunican la no disposición a acoger a los alumnos que se les había asignado, por lo que desde la coordinación del máster tienen que buscar unas empresas alternativas entre las disponibles y en comunicación con los alumnos, en las que ya están integrados.

Q 1705/01

Foi presentado un escrito por. un bolseiro F.P.U. dun Departamento en relación coa denegación da solicitude de incorporación con efectos retroactivos a un grupo de investigación. No escrito expón:

“Soy becario FPU desde el día 22/09/2014. Por problemas de coordinación no he sido incluido en el grupo investigador hasta el 20/03/2017. Por parte de mi tutor y del coordinador del grupo investigador se ha solicitado la inclusión en el grupo con carácter retroactivo siendo en ambos casos desestimada. Es importante para la solicitud de algunas becas posdoctorales el tiempo que se ha estado formando parte de un grupo investigador por lo que me resulta de vital importancia arreglar esta situación.”

No informe que lle foi solicitado Sr. Xefe do Servizo de Convocatorias e RR.HH. de I+D indica o seguinte:

.../ a normativa que regula este tema non contempla a posibilidade de dar de alta, con carácter retroactivo, aos integrantes dun grupo de investigación .

2º.-Permitir a modificación da composición do catálogo de investigadores e grupos de investigación, con carácter retroactivo, produciría:

- a) Unha evidente inseguridade xurídica, pois nunca se podería saber, a unha determinada data, a composición real dun grupo de investigación.

- b) A imposibilidade de emitir certificacións veraces, xa que a unha mesma data existirían composicións de grupo distintas. Non podemos esquecer que hai convocatorias para as que se ten que certificar a unha data concreta, a composición dos grupos de investigación .
- c) Rachárase cos criterios e precedentes cos que se ven actuando a Universidade de Santiago de Compostela

Con posterioridade a Vicerreitoría de Investigación e Innovación comunica que:

.../ á vista da información e documentación achegada, a Comisión de Investigación Delegada do Consello de Goberno, resolve informar favorablemente esta incorporación. Xa se deu traslado desta decisión ao Servizo correspondente.

Q 1705/02

Foi presentado un escrito por unha alumna en relación coa reclamación do importe dos prezos de matrícula nun Máster Universitario. No escrito expón:

O 09/08/2016 por internet cubro o formulario da matrícula para o máster universitario. Na páxina da USC di que se son alumna doutra universidade, e de feito sono, teño que presentar na Unidade de Xestión Académica, no prazo de 10 días seguintes, unha copia do título que me da acceso ós estudos que solicito, quedando condicionada a formalización da matrícula á verificación dos datos da titulación.

Eu en ningún momento entrego a documentación que se me require para formalizar a matrícula, xa que por motivos persoais non vou poder facer o máster. Por elo entendo que non quedei matriculada, xa que non cumpo un dos dous requisitos que establece a USC, eu non entreguei a documentación requirida en ningún momento. A pesar disto a USC reclámame, no mes de marzo do 2017, o pago das materias do primeiro trimestre e todas as anuais.

Non entendo que, a pesar de que non entrego a documentación requirida, no prazo establecido, igualmente son matriculada. Se non presento a documentación é por que non quero matricularme.

A queixa trasládase á Secretaría Xeral da USC, que informa o seguinte:

.../ 12.- En consecuencia, a interesada:

- a) Estaba matriculada dende o 09 de agosto de 2016 na Universidade de Santiago de Compostela, e tiña ata o 23 de setembro para solicitar a anulación total da matrícula (coa devolución dos prezos aboados agás as tarifas de secretaría). A universidade prestou os servizos académicos de educación superior que ten encomendados correspondentes aos estudos universitarios de Máster Universitario e non é responsable de que a alumna non fixera uso dos servizos académicos dos que estaba matriculada.
- b) Non renunciou ao Máster nos prazos establecidos, pese a ter coñecemento das datas de renuncia con dereito a devolución de prezos.
- c) Solicitou a anulación da matrícula con data do 1 de marzo de 2017, fóra do prazo e polo tanto sen dereito a devolución.
- d) Presentou recurso contra a anulación da matrícula sen dereito a devolución, que foi desestimado, sendo actualmente un acto administrativo firme e consentido.
- e) A non renuncia ao máster prexudicou a outros alumnos.

Q 1705/03

Foi presentado un escrito por un membro do Persoal Docente e Investigador no que manifesta a súa desconformidade coa *Normativa sobre o criterio de antigüidade do PDI para efectos internos na USC*, en concreto co recollido no art. 4 que establece a prelación do profesorado que estea en posesión de acreditación, e cuestiona a conformidade do mesmo co establecido ao respecto nos Estatutos da USC.

Mantívose unha reunión coa Sra. secretaria xeral na que informou da legalidade da normativa aprobada no Consello de Goberno de data 04/02/2015 sobre o criterio de antigüidade.

Q 1706/01=> Recomendación

Foi presentado un escrito por un alumno dun Grao en relación coa dificultade para o recoñecemento no seu expediente dunhas prácticas académicas externas efectuadas nunha empresa. No escrito expón:

En el mes de marzo solicité la realización de unas prácticas ofertadas por el Consello Social para todos los alumnos de esta universidad, conforme a todos los requisitos establecidos, lleve a cabo todos los trámites necesarios para poder matricularme, una vez hecho todos los trámites y ser validados por parte de la universidad, realice las prácticas por una duración de dos meses. Una vez finalizada mi estancia en la empresa y a la espera de mi calificación pertinente en el expediente académico, como es lógico, me encuentro con la sorpresa de que, por algún motivo ajeno a mí, las prácticas no se me reconocen en mi expediente. Nada más conocer esta noticia me pongo en contacto con el Consello Social donde no saben nada de lo ocurrido y parece ser que el problema viene determinado por mi facultad.

Solicitouse un informe ao decanato da Facultade.

Á vista do acontecido na presenta queixa pode deducirse que non está suficientemente clarificado o procedemento e as atribucións e competencias de cada un dos partícipes no procedemento de xestión das prácticas académicas extracurriculares: UXA, Consello Social, Centros.

No Regulamento de Prácticas Académicas Externas, indícase:

DISPOSICIÓN TRANSITORIA PRIMEIRA En tanto non se implante o sistema de actas previsto neste Regulamento manteranse vixentes os modelos de certificados expedidos polo Consello Social e FEUGA aos estudantes que superen as prácticas.

Da información recadada da UXA e do Consello Social despréndese que o procedemento anteriormente indicado non é o que se está a seguir na actualidade.

Por outra banda, o art. 25 do Regulamento recolle:

Art. 25 Avaliación

9. A Secretaría Xeral establecerá as oportunas instrucións en materia de actas así como para a resolución das incidencias detectadas. O réxime de entrega, conservación e custodia das actas será o xeral.

Por iso *recomendo* que, de non terse efectuado, se implante e se comunique axeitadamente o sistema de actas correspondente ás Prácticas Académicas Externas e no caso concreto da presente queixa se resolva a incidencia detectada con celeridade, clarificando quen é o responsable de xerar a correspondente acta.

Con posterioridade a Secretaría Xeral da USC ven de informar das actuacións levadas a cabo en relación coa recomendación efectuada por este valedor, indicando que con data 28 de xuño xa está asinada a acta das prácticas extracurriculares do Consello Social realizadas polo alumno e elaborada unha Instrución (2/2017) regulamentando o proceso para que non se reproduzan situacións como a que motivou a queixa.

Q 1706/02

Foi presentado un escrito por un estudante dun programa de doutoramento en relación co procedemento seguido na tramitación da súa tese de doutoramento. No escrito expón:

“O día 22/02/2017 fixo entrega ao persoal administrativo do departamento da documentación necesaria para realizar o depósito da súa tese de doutoramento. Que dita tese de doutoramento superou todos os períodos de exposición pública sen que se fixeran ningún tipo de informe negativo ou observacións por parte doutros doutores da comunidade universitaria con respecto ao seu contido ou a súa estrutura, ou polo menos nin o doutorando nin os seus directores teñen constancia da súa existencia. Que a pesar da ausencia de calquera tipo de informe que o xustificara, nunha reunión da Comisión Executiva da Escola de Doutoramento Internacional decidiuse solicitar un informe dun avaliador externo antes de decidir se admitía a tese a trámite para a súa defensa. Reseñar que dita decisión foi tomada sen comunicárnola ao doutorando nin aos directores da tese. O informe do avaliador indicaba que, baixo o seu xuízo, aínda que a tese cumpría os requisitos para ser defendida era necesario realizar certos cambios, sobre todo a nivel estrutural. En función dese informe, na reunión da comisión do día 19/05/2017 decidiuse pedir ao doutorando que realizara ditos cambios para poder continuar cos trámites para a súa defensa; esta decisión foi comunicada o día 22/05/2017 por e-mail aos directores e posteriormente ao doutorado por correo ordinario. En vista desta situación o día 29/05/2017 foi depositado, por parte do doutorando, na EDI, un novo exemplar da tese cas modificacións realizadas. Na seguinte reunión da comisión, o 02/06/2017, decidiuse enviar o novo exemplar a persoa encargada de realizar o informe para que valore se ditos cambios son suficientes, a pesar que en ningún dos documentos anexos se informa de que se levará a cabo tal tarefa; e mais, indícase que é necesario entregar o novo exemplar para poder continuar "cos trámites do procedemento". Recaltar que nin o doutorando nin os directores fomos avisados desta decisión, senón que nos enteramos despois de que o doutorando chamara por teléfono ao CIEDUS para coñecer o estado da súa tese de doutoramento.

Gustaríame expresar a miña situación de indefensión ante esta situación.

Solicítase ao Centro Internacional de Estudos de Doutoramento e Avanzados que me informe en relación aos aspectos expostos e que motivan a presentación da queixa, e en concreto sobre as circunstancias que xustifican e/ou motivan a solicitude de colaboración doutros doutores externos para o asesoramento na avaliación da tese, malia ser informada favorablemente pola Comisión Académica do programa de doutoramento e segundo indica o doutorando non ter recibido alegacións no trámite de exposición pública. E sobre os seguintes aspectos:

- Informe explicativo sobre a conveniencia apreciada pola Comisión Executiva da EDI de reclamar un informe sobre a tese a un avaliador externo e envíe copia das actas das reunións da Comisión Executiva de data 28/04/2017 e 2/06/2017 nas que se acordou a remisión da tese a un avaliador externo.
- Sobre o número de teses que, nas mesmas circunstancias que a que motiva a queixa (informada favorablemente pola CAPD e sen alegacións no período de exposición pública), foron enviadas a informe por avaliadores externos nos últimos tres anos e a que programas de doutoramento pertencen.

No informe que lle foi solicitado, o Sr. director do CIEDUS indica:

Cando a Comisión Executiva (en adiante CE) considera que é necesario a petición dun informe por detectar algunha deficiencia nunha tese de doutoramento (a nivel de metodoloxía, técnicas de investigación, deficiencias formais de contidos, alcance do traballo elaborado, etc.,) pide un informe a un avaliador externo da área da tese e a súa tramitación queda suspendida ata a recepción do informe.

A decisión de seguir a trámite ou non coa tese é unha decisión de carácter académico tomada pola CE unha vez valorado o exemplar da tese e a vista do informe do experto.

Como se desprende dos parágrafos anteriores o pedimento dun informe é unha práctica común. Lamentablemente, o CIEDUS non está en disposición de poder informar sobre o número de informes solicitados - entendemos dende a constitución da CE xa que no seu escrito non se concreta ningunha data, porque ao ser un mero instrumento de axuda á toma de decisión da CE, o rexistro que queda son as propias actas que recollen os acordos da CE, e nestas circunstancias, cos recursos humanos e materiais dos que dispoñemos, non é viable a revisión de todas as actas e os expedientes correspondentes.

Con posterioridade tívose constancia da lectura e defensa da tese con normalidade obtendo a mención de “cum laude”.

Q 1706/03

Foron presentados escritos por alumnos dun *Máster Universitario* en relación coa avaliación nunha materia, nos que expoñen:

Escrito 1:

“Son un alumno do Máster, no cal suspenderon a moitos alumnos/as por faltas de asistencia, pero esas faltas de asistencia débense a que déusen un horario ao principio de curso no que poñía as diferentes clases que temos, pero un día de súpeto, os profesores decidiron cambiar ás clases e nunha desas clases que eu non puiden acudir, resulta que estou suspenso por non chegar ao mínimo de asistencia, isto é posible? xa que en ningún momento se dixo que a asistencia contara e logo que foron eles quen cambiaron as clases, xuntando nun mesmo día unha clase que se ía impartir ao longo de varios días e cas cales eu si que chegaría ao mínimo.”

Escrito 2:

“Acabo de recibir as cualificacións e atópome ca sorpresa de que estou suspensa. Aparéceme un 9 como cualificación e por non asistir a unha excursión da materia cualifican que non cumpro co mínimo de asistencia dun 80%.

Antes disto, avisara ao profesor de que non podía ir por motivos de saúde, e envieille o xustificante médico.

Pois contaron que nesa excursión se impartiran 7 sesións, 7 faltas, non me xustificaron a asistencia... e consideran que segundo a USC non se xustifican as faltas por motivos médicos.”

Co fin de clarificar dous aspectos, solicítase ao Coordinador do Máster:

- Que informe se os cambios efectuados no reaxuste horario foron consensuados e/ou consultados ao alumnado con antelación.
- Copia das guías docentes das materias resaltando onde se recolle a obrigatoriedade de asistencia e o requisito de asistencia mínima ao 80% da actividade docente para poder superar a materia

O coordinador remitiu un escrito coas seguintes aclaracións:

1º.- Todos os cambios foron comunicados coa suficiente antelación ao alumnado, sen que nese momento se producira ningunha queixa.

2º.- Despois de varias semanas algúns estudantes difundiron unha albugada referida a un profesor que tivo que ser desmentida, quebrándose gravemente a confianza.

3º.- Se impartiron todas as sesións das materias dentro do horario inicialmente establecido, conforme á estratexia de ensino aprendizaxe que foi comunicada aos estudantes con suficiente antelación.

4º.- O tratamento de faltas de asistencia foi igual para todos os estudantes que faltaron ás clases teóricas e prácticas, e considero que a actuación dos profesores está amparada polo artigo 41 do Estatuto do Estudantado que sinala a obriga de asistencia ás clases teóricas e prácticas propias de cada materia, así como dos traballos complementarios adecuados. A falta de asistencia a sesións prácticas implicaba nalgúns casos a imposibilidade de adquirir as competencias previstas para esas materias.

Con posterioridade dende a OAR nos comunican ter dirixido ao Sr. coordinador unha comunicación instándolle a adoptar medidas para que non se volvan repetir as disfuncións detectadas.

Q 1706/04

Foi presentado un escrito por unha estudante de Grao en relación co proceso de avaliación na materia. No escrito expón:

La profesora, me ha calificado con un 2 la asignatura por "notar cierta negligencia al no asistir a clase con regularidad". Me ha asegurado además que no tengo ninguna posibilidad de aprobar en la convocatoria de julio, por lo que no me presentara. Por otro lado, ha calificado con un cero el examen sin tan siquiera leerlo, ya que "no cumplía los requisitos de asistencia". Estos requisitos, sin embargo, no están explicitados en la

guía docente de la asignatura.

Al no tener posibilidades de aprobar en la segunda convocatoria, no podré presentar mi Trabajo de Fin de Grado (TFG) ni en julio ni en septiembre, teniendo que perder así un año entero.

-Acudí a la revisión del examen.

A alumna tiña presentado unha queixa análoga na OAR. Solicitado informe ao respecto informan que se lle comunica á alumna o seguinte:

Que contra a resolución que lle foi comunicada polo Decanato pode interpoñer recurso de alzada. E que se desestima a súa queixa xa que o exame foi revisado conforme ao procedemento establecido e unha comisión de revisión de cualificacións decidiu manter a cualificación outorgada e asegura que a asistencia non foi relevante para a avaliación do exame, como non podía ser ao non figurar así establecido na guía docente da materia.

Agardamos que tal e como conclúe a comisión, a profesora aplique na 2ª convocatoria un modelo de exame que se axuste mellor ao que figura na guía docente.

Q 1706/05 => Recomendación

Foi presentado un escrito por un membro do P.D.I., como ex-Vicedecano dunha Facultade, motivado polo seu desacordo co procedemento seguido en dito centro para a asignación das prazas SICUE 2017/2018 por considerar que non se axustou á normativa.

O informe solicitado á Sra. decana de dita Facultade indicaba:

- "O procedemento e criterios seguido pola Facultade para a asignación de prazas SICUE do curso 2017-18 foi o seguinte:
 - 1.- Publicación dunha listaxe ordenada e priorizada con todos os solicitantes, coas súas cualificacións e os 3 destinos solicitados por orde de prioridade.
 - 2.- Adxudicación provisional dos destinos, que dada a transparencia coa que se realiza todo o proceso, é practicamente automática.
 - 3.- Reasignación de destinos. Cando un estudante comunica por escrito a súa renuncia, o destino que deixa vacante pasa automaticamente ao estudante que, por orde de prioridade a teña solicitada, sempre e cando isto non supoña ningunha alteración dos destinos, nin prexuízo para o resto dos estudantes e o estudante afectado dea a súa conformidade..../
- .../ no mesmo sentido foi a resposta da CRUE, ante a consulta feita polo Servizo de Relacións Exteriores sobre a reasignación de destinos e que transcribimos literalmente "*La convocatoria del programa SICUE no prohíbe la reasignación de plazas, siempre y cuando dicha reasignación no sea contraria a las disposiciones internas de la propia universidad. En este sentido, indicarte que es una práctica que se lleva realizando en muchas universidades con el fin de dotar a los alumnos la posibilidad de realizar una movilidad siempre y cuando así lo deseen.*"
- Esta reasignación de destinos interna na Facultade e nos outros centros da Universidade é a única vía posible para que os destinos sobre os que se vai a presentar unha renuncia no Servizo de Relacións Exteriores poidan ser asignados a solicitantes que, ou ben quedaron sen destino, ou non correspondía ás súas prioridades.
- Destacar que ningún dos estudantes que fixeron a solicitude, tanto os que realizan o programa, como os que desafortunadamente se quedaron sen destino, realizaron ningún tipo de queixa ou reclamación. Máis ben, manifestan abertamente a súa satisfacción polo procedemento que se segue na Facultade.

A actuación do equipo directivo do Centro sempre foi transparente e en ningún momento foi intención de transgredir ningunha norma, senón máis ben, actuar sempre coa máxima transparencia e interpretando a norma baixo os principios do programa SICUE (El intercambio de estudiantes se basa en la confianza entre las instituciones, la transparencia informativa, la reciprocidad y la flexibilidad, favorecer que accedan ao programa o maior número de estudantes, para beneficio da formación dos mesmos e do prestixio da Facultade, posto que un dos parámetros que se valoran para a renovación da acreditación dos Graos é a "Participación del alumnado en programas de movilidad".

No informe final de avaliación para a renovación da acreditación do Grao foi valorado este aspecto da mobilidade como un dos principais puntos fortes do Grao da USC."

A tramitación da presente queixa pon de manifesto:

- Unha discrepancia entre o manifestado na mesma e o informe posterior da Facultade, respecto do procedemento e criterios seguidos para a asignación de prazas SICUE, especialmente a reasignación de destinos de prazas vacantes, por considerar que non se axustou á normativa.
- Que o procedemento de reasignación de destinos nas Facultades é práctica común noutros centros da USC.

Por iso, independentemente da boa intencionalidade na aplicación do procedemento na procura dunha maior participación do alumnado no programa SICUE, faise necesario clarificar se esa praxe é acorde á normativa vixente ou non, polo que *recomendo* que se efectúen as accións oportunas a tal fin e ao mesmo tempo, de selo caso, se estude a posibilidade de cambios na normativa da USC que harmonicen todas as perspectivas.

Temos constancia que por parte da Vicerreitoría estase analizando as accións recomendadas e a oportunidade de cambios normativos.

Q 1706/06 => Recomendación

No ano 2015 fora presentado un escrito por unha estudante expoñendo uns feitos que podían dar lugar ao inicio do Protocolo de Prevención e Resolución de Procesos de Acoso Psicológico nas Relacións Laborais, polo que se remitiu para a súa valoración ao Servizo de Prevención de Riscos (SPR) da USC, que realizou a correspondente avaliación psicosocial do Grupo de Investigación e como resultado da mesma deu traslado da situación á Comisión de Resolución de Conflitos (CRC) para a súa investigación.

Na actualidade, xuño de 2017, a presentadora do escrito diríxese a esta Institución comunicando non ter recibido ningunha comunicación por parte da USC sobre dito proceso e a súa finalización.

O *Protocolo de Prevención e Resolución de Procesos de Acoso Psicológico nas Relacións Laborais* recolle o seguinte:

6.- PROCEDEMENTO

3. Resolución

No prazo máximo de tres meses a contar a partir da recepción da comunicación do SPR, a CRC comunicará ao Reitor os resultados da investigación e a proposta de medidas a adoptar.../

4. Proposta e aplicación de medidas

.../.

O reitor dará traslado ás partes implicadas no procedemento das medidas propostas pola CRC e, se é o caso, iniciará o procedemento disciplinario ou sancionador que corresponda.

O citado procedemento ten como obxecto establecer un método que, coas debidas garantías e tomando en consideración á persoa e os dereitos que lle son inherentes, sexa capaz de previr e solucionar situacións de acoso psicolóxico no ámbito da USC.

A xuízo deste Valedor dada a natureza do procedemento e as circunstancias que dan lugar a aplicación do citado Protocolo, independentemente de que a CRC conclúa que se deban adoptar medidas/actuacións ou non, o Sr. Reitor debería dar traslado ás partes implicadas no procedemento do resultado final da investigación.

Por iso *recomendo* á Secretaría Xeral da USC que se comunique neste caso concreto á alumna o resultado da aplicación do Protocolo iniciado e que este modo de proceder se aplique con carácter xeral no futuro.

Con posterioridade a alumna comunica ter recibido unha copia do informe final da CRC.

Q 1706/07

Foi presentado un escrito por unha alumna en relación coa non devolución dos prezos públicos pagados pola expedición do seu título oficial de *Máster Universitario* por obter o premio extraordinario no curso académico 2012/2013. No escrito expón:

Actualmente son doutoranda na USC.

No curso 2012-2013 fixen o Máster e recoñecéronme o Premio Extraordinario de Máster. Na web da USC figuraba que, con dito premio, a USC facíase cargo dos gastos de expedición do título. O caso é que eu expedín o título antes de recibir dita mención, polo que paguei a expedición do mesmo, pero meses despois, cando recibín dita mención por correo e despois de ver pola web da USC do que dispoñía con dito premio (a exención das taxas dese título) pedín que se me devolverse o diñeiro do título. A resposta foi negativa.

Solicítase un informe á Secretaría Xeral da USC no que se recolle que:

.../ Deste xeito, a partir do ano 2014 a concesión do premio extraordinario nas titulacións adaptadas ao EEES faise constar exclusivamente no expediente académico da titulación e non procede a devolución de prezos abonados pola expedición do título.

8.- Sen embargo, este acordo non tivo efectos retroactivos e entrou en vigor na data de publicación no taboleiro electrónico oficial e para os premios que se concederan a partir do curso 2014-15.

9.- A alumna, polo tanto, ten dereito á devolución das taxas abonadas por expedición do título ao abeiro do Acordo do Consello de Goberno do 27 de abril de 2012 no que se estableceu esta exención ata o curso 14/15 e tendo en conta que dende a data da notificación do premio extraordinario o dereito a devolución non está prescrito.

Dende o Servizo de Xestión Académica procederase á devolución de oficio dos prezos abonados por expedición do título de máster.

Q 1706/08=> Recomendación

Foi presentado un escrito por unha alumna do último curso dun Grao que pon de manifesto a falla de coordinación entre as datas de remate de estudos de Grao nalgúns titulacións da USC cos prazos de prescrición nos estudos de Posgrao nalgúns universidades do Estado, o que implica que os estudantes da USC se vexan prexudicados ao imposibilitar o acceso a determinados estudos.

Considerando que dito escrito reúne os requisitos formais necesarios foi admitido a trámite como unha queixa, e *recomendouse* á Secretaría Xeral que se analicen as circunstancias descritas na mesma e se estude a oportunidade de efectuar modificacións no calendario académico na procura dunha mellor coordinación de datas para que os nosos estudantes non se vexan prexudicados.

A Secretaría Xeral da USC informou o seguinte das actuacións levadas a cabo en relación coa recomendación efectuada:

- “1. O calendario académico é unha cuestión moi complexa que require ter en conta diversos factores: período mínimo de docencia, períodos de exames, realización de exames en dúas oportunidades, calendario de ensinanzas medias, etc.
2. O calendario académico non é definitivo, e cada ano se introducen novidades que intentan beneficiar aos alumnos e a xestión dos propios Centros. Un elemento fundamental para consolidar un novo calendario é un cambio na estrutura de ensinanzas medias (en particular eliminar a convocatoria de setembro de medias e realizar a ABAU en xullo) permitindo así anticipar os períodos docentes e poder rematar de forma anticipada.
3. Se ben o calendario académico se propón dende a Secretaría Xeral, o órgano encargado de aproballo é o Consello de Goberno. Con anterioridade á proposta se promoven diversas reunións coa totalidade dos Decanos e Directores de Centros para que o calendario teña o maior grao de consenso posible.
4. Deste xeito e para atender a recomendación, este escrito será posto en coñecemento dos Decanos e Directores para telo en conta nas reunións para a elaboración do calendario dos vindeiros cursos.”

Q 1706/09

Foi presentado un escrito por un alumno en relación coa posibilidade de obtención de copia do exame realizado. No escrito de expón o seguinte:

En la Facultad de la que soy alumno, en ninguna asignatura de primer curso se facilitan por parte de los profesores exámenes de convocatorias anteriores, no se permite sacar copia de los exámenes una vez hechos, y para poder verificar el trabajo realizado, la única manera es acudir a una revisión presencial, en la que por supuesto en ningún caso se permite extraer una copia ni del examen puesto ni por supuesto copia de los resultados obtenidos.

O informe solicitado á Secretaría Xeral da USC recolle as distintas normativas ao respecto:

“1.- O Real Decreto 1791/2010, de 30 de decembro, polo que se aproba o Estatuto do Estudante Universitario establece, entre outras, as previsións seguintes:

Artículo 29. Comunicación de las calificaciones.

Artículo 30. Revisión ante el profesor o ante el tribunal.

2.- No Diario Oficial de Galicia (DOG) do 21 de xullo de 2011 publícase a RESOLUCIÓN do 15 de xuño de 2011 pola que se publica a Normativa de avaliación do rendemento académico dos estudantes e de revisión de cualificacións, aprobada no Consello de Goberno do 15 de xuño de 2011.

No DOG do 8 de maio de 2017 publícase unha modificación da citada Normativa de avaliación do rendemento académico dos estudantes e de revisión de cualificacións, aprobada no Pleno ordinario do Consello de Goberno do 5 de abril de 2017.

Nesta Normativa establécense as funcións da avaliación, o sistema de avaliación e a revisión de cualificacións na USC.

3.- A Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP):

Artículo 53. Derechos del interesado en el procedimiento administrativo.

4.- Á vista da normativa vixente, os estudantes teñen dereito:

- a) Á revisión persoal e presencial dos exames realizados, co obxectivo de ser informados dos motivos das cualificacións obtidas cara a mellora do sistema de ensino-aprendizaxe.
- b) No caso desconformidade coa cualificación obtida, os estudantes teñen dereito a iniciar un procedemento administrativo de reclamación de cualificacións, conforme ao artigo 9 da Normativa de Avaliación da USC.
- c) Durante a tramitación deste procedemento administrativo, os interesados teñen dereito a acceder e obter copia dos documentos contidos nel, incluído o exame realizado, pero sempre previa petición e abono das taxas correspondentes, de conformidade co Resolución Reitoral do 29 de xullo de 1999, pola que se regula a compulsa e expedición de copias de documentos e aportación de documentos ó procedemento na USC (DOG 31 de agosto de 1999).

5.- En consecuencia, non existe o dereito de entregar aos alumnos exames de convocatorias anteriores, nin copia dos exames. Os exames e cualificacións son actos académicos e polo tanto só se permite a obtención de documentos dun expediente cando existe un procedemento administrativo como é o de impugnación de cualificacións.”

Q 1707/01

Foi presentado un escrito por unha alumna en relación coa accesibilidade das persoas con discapacidade á Biblioteca a través da utilización do ascensor.

No informe solicitado o Sr. director da Biblioteca expón o seguinte:

A Biblioteca ..., e a Biblioteca Universitaria no seu conxunto ten, entre os seus valores, o de facilitar o acceso ás instalacións, os recursos, os servizos, etc. as persoas con necesidades especiais, e ven prestando unha atención especial á accesibilidade das súas instalacións. Como institución clave para a integración que somos, temos un constante compromiso de mellora, polo que seguimos intentando que a nosa biblioteca sexa cada vez máis accesible.

Dende que a Universidade decidiu que esta biblioteca abra durante as fins de semana, festivos e períodos extraordinarios de apertura, bloqueábase o ascensor do edificio.

Precisamente por este motivo, dende hai varios anos o ascensor está dotado dun bloqueo parcial para que poida ser utilizado por Usuarios/as con problemas motrices que queiran acceder aos andares inferiores (0, -1, -2 e -3), como é o caso da reclamante, quedando os superiores 1 e 2 bloqueados, pois non está permitido o acceso do público a estes espazos durante estes períodos de apertura, polo que non debería de haber ningún problema para poder utilizar este medio, nin subindo nin baixando nin ter que pedir permiso ou avisar a ninguén.

Non entendo o proceder do garda de seguridade nin da auxiliar, pois deberían saber do funcionamento, xa que son eles os que bloquean parcialmente o ascensor.

Supoño que ao ser un persoal moi cambiante non teñen un coñecemento claro do funcionamento do edificio. Falarei co responsable de seguridade para que transmita a todo o persoal que se destina a esta biblioteca o proceder no uso do ascensor a persoas con mobilidade reducida.

Igualmente, trasladareille o proceder nestes casos directamente ao persoal que se contrata esporadicamente nas quendas de noite, e lembrareillo ao resto do persoal, baixo a miña dirección.

Sr. Valedor, ante o expresado pola alumna, non me queda outra que, como responsable da Biblioteca ..., lamentar profundamente o trato que se lle dispensou por parte do persoal da quenda de noite da biblioteca e pídolle que lle transmita as miñas desculpas, agardando que isto non se volva repetir.

Q 1707/02

En relación cunha queixa presentada por unha alumna referida á validez e non recoñecemento na USC dunha certificación de estudos de inglés Nivel B2.1 cursados na Universidade de Porto

No informe solicitado, a Sra. directora do Centro de Linguas Modernas (CLM) expón o seguinte:

“Na nosa páxina web consta que se recoñecen as certificacións das Universidades que acreditan os niveis do MCER, máis esta certificación so di que a alumna fixo o curso cun excelente aproveitamento. En ningún momento sinala a aprobación dalgún exame, non ten cualificación por destrezas, cualificación numérica, non aparece a Universidade que a avala, é dicir, todos os requisitos que solen ter as acreditacións oficiais en regra.

Penso que podemos aceptar esta certificación cunha información complementaria sobre a aprobación de destrezas, emitida polo centro examinador. É suficiente que a envían por correo electrónico. Outro motivo a favor de recoñecer o nivel B1 en portugués logo da subsanación (quizais ao outro lado da certificación achegada, que non coñecemos, xa aparece unha explicación) é a obtención do nivel B2.1 que é superior ao B1.”

Q 1707/03

Queixa presentada por un estudante que pretende matricularse nun Máster en relación coa imposibilidade de presentar a documentación a tal efecto en inglés.

Dende o Servizo de Xestión Académica informan que teñen intercambiado numerosas comunicacións explicativas co alumno indicándolle que a normativa actual non permite a súa pretensión.

Q 1707/04

Presentado escrito por un P.D.I. referido á imposibilidade de efectuar distintos trámites na USC mediante medios electrónicos ou telemáticos.

Envíanse escritos ao Servizo de Xestión de Persoal e á Área de Tecnoloxías da Información e das Comunicacións dando traslado da queixa e instándoos respectivamente a que se lle remita con celeridade copia do contrato solicitado e que se citaba na queixa e se estableza comunicación co administrado para facilitarlle os contrasinais que necesita para efectuar trámites telematicamente.

Q 1707/05=> Recomendación

Foi presentado un escrito por un alumno en relación coa cualificación máxima que se pode obter nos Traballo Fin de Grao (T.F.G). cuxa exposición e defensa se efectúa ante o titor e o prexuízo que ocasiona aos estudantes no proceso de concesión de Bolsas a minoración de dita cualificación.

Admitida a queixa a tramite por entender que reúne os requisitos formais necesarios, constátase que:

- O artigo 6.7 do *Regulamento de matrícula, elaboración e defensa dos Traballos Fin de Grao e Fin de Máster*, aprobado polo Consello de Goberno do 10 de marzo de 2016, establece que "na normativa de TFG dos centros cunha elevada *ratio* de alumnos por profesor poderá recollerse outro tipo de avaliación alternativa ou complementaria á do tribunal".
- Acolléndose a esta excepcionalidade, algúns centros recollen na súa normativa a nova modalidade de defensa e avaliación do TFG por parte do titor, nalgúns incluso establecéndoa como a modalidade ordinaria e adquirindo carácter singular a avaliación por un tribunal que debe ser solicitada expresamente polo alumnado, e limitando a cualificación máxima que poderá obterse por este procedemento a 7,5 ou 8 (Notable).

Así, por exemplo, dentro da mesma Área de coñecemento das Ciencias Sociais e Xurídicas as Normativas de TFG propias dos Graos en Administración e Dirección de Empresas, Grao en Economía, Grao en Relacións Laborais permiten a defensa e avaliación diante do titor coa obtención dunha nota máxima de 7,5 namentres que outros Graos como o Grao en Dereito, Grao en Mestre, Grao en Educación Social, Grao en Pedagogía, para o mesmo proceso de defensa e avaliación do TFG permiten a obtención dunha nota máxima de 8. O que evidencia distintos sistemas de cualificación dentro de estudos correspondentes á mesma Área de Coñecemento e que efectivamente pode producir prexuízos ao alumnado na contía da bolsa de estudos.

Por iso *recomendo* á Secretaría Xeral que, de ser necesaria a diferenciación na cualificación máxima que se pode obter nos TFG segundo sexan defendidos ante o titor ou diante dun tribunal, se adopten as medidas necesarias para harmonizar as cualificacións máximas que se poden obter nos TFG defendidos perante o titor, independentemente da titulación que se estea a cursar.

A Secretaría Xeral da USC ven de informar das actuacións levadas a cabo en relación coa recomendación efectuada con data 17/07/2017 por este valedor, indicando:

".../, deuse traslado en xullo ao Colexio de Decanos para que propuxeran a solución que consideren máis pertinente.

Con data do 28 de outubro de 2017, recíbese informe no que se indica que na reunión do Colexio de Decanos/as e Directores/as de Centro da USC que se celebrou o pasado martes, día 24 de outubro, tratouse como punto da orde do día a recomendación do Valedor da Comunidade Universitaria sobre a cualificación máxima dos TFG defendidos perante o/a titor/a, e que, tras dun breve debate ao respecto, a opinión do Colexio é que esta modalidade de avaliación, que pretende esencialmente dar solución a un problema de falta de recursos humanos nalgúns centros, é unha opción, non unha imposición, de xeito que calquera estudante que aspire á máxima cualificación, sexa na titulación que sexa, pode optar á avaliación por tribunal. Ademais, a avaliación do TFG debe adaptarse ás circunstancias de cada Centro e ao programa formativo de cada título, pois esta materia non ten o mesmo peso nin as mesmas competencias en todos eles."

Q 1707/06

Recibiuse nesta Institución un escrito referido a un sinistro acontecido cun bolardo dun aparcamento da USC, o mesmo non pode ser admitido a trámite como unha queixa por considerar que non se ten conculcado ningún dos dereitos do asinante.

No entanto, analizada a problemática que describe, envíase copia do escrito á Área de Xestión de Infraestruturas da USC para que sexa tido en conta no que respecta á análise das características e colocación do bolardo así como á posible reiteración de sinistros con dito elemento.

Q 1707/07

Escrito presentado por un membro do P.D.I. referido ao proceso de xestión na solicitude de cátedras.

O escrito non foi admitido a trámite como unha queixa ao non apreciar que se teña conculcado algún dereito. No entanto, deuse traslado do mesmo á Secretaría Xeral por se considera oportuno efectuar algún tipo de actuación ao respecto, que permita remediar a problemática descrita, tendo en conta que a mesma e o prexuízo que se ocasiona ven motivado por unha actuación allea ao damnificado.

Q 1707/08

Queixa presentada por un alumno de Grao en relación coa docencia e o procedemento de avaliación nunha materia.

No informe solicitado o Sr. decano da Facultade explica a situación derivada da substitución do profesor que impartía docencia e respecto ao procedemento de avaliación expón:

.../5. Por último, quero sinalar que o alumno remite copia a este decanato do escrito presentado ao Sr. Valedor, pero non presenta unha solicitude para a revisión da nota por parte dun tribunal, de acordo co procedemento vixente. Non obstante, quen mellor coñece o proceso de cualificación foron os membros do tribunal, pois son os coñecedores dos criterios e do procedemento de convocatoria e actuación neste caso."

3.- CONCLUSIONES

Antes de presentar as conclusións é obrigado o meu recoñecemento en canto ao compromiso en xeral tanto dos órganos da universidade como dos membros da comunidade universitaria aos que lle foi solicitada a súa colaboración. Máis alá do mandato normativo amosaron sempre unha completa dispoñibilidade.

Tamén quero deixar constancia da dedicación e colaboración dos membros da Comisión de Asesoramento e Axuda ao Valedor e do papel que esta Comisión desempeña no funcionamento do Valedor da Comunidade Universitaria. Durante este curso ademais das reunións ordinarias, nunha ocasión exerceu o seu labor a requirimento do Valedor para debater sobre unha queixa presentada por membros do P.A.S. que polas súas características este Valedor quería coñecer o seu parecer.

Un dos obxectivos desta Institución é que as accións emprendidas estean sempre presididas polo espírito de colaboración para solucionar ou mellorar os problemas e disfuncionalidades que se poidan detectar. A lectura das intervencións levadas a cabo ao longo deste curso permiten detectar algunhas situacións que pola súa incidencia deben ser destacadas para lembrar a necesidade de que pola USC se adopten as medidas correctoras que sexan precisas.

Neste curso 2016-2017 presentáronse un total de 59 queixas. Destas, houbo 3 que non foron admitidas a trámite por non apreciarse nelas ningunha conculcación de dereitos de algún membro da comunidade universitaria.

Na páxina 57 desta memoria preséntase unha táboa coas queixas recibidas categorizadas por temas. Esta é unha categorización estándar empregada en moitas das Defensorías universitarias. Porén é necesario salientar que esta distribución é complexa e relativamente arbitraria no sentido de que unha queixa podería incluírse en máis dun tema. Así pois o que se pretende con esta táboa é proporcionar unha visión xeral dos temas das queixas, máis que unha visión detallada para o que é imprescindible analizar as queixas de xeito particular.

Como se pode observar hai 5 temas que abranguen unha boa parte das queixas presentadas e que supoñen case o 60% (59,32%). De xeito moi resumido os temas indicados son os que seguen:

1.- Matrícula e outros procedementos.

Un número significativo de queixas refírense ao tema de proceso de matrícula e procedementos de xestión académica. A maioría das queixas fan referencia a demoras na expedición de títulos e sobre todo a problemas relacionados con aspectos económicos derivados do recoñecemento de anulacións. Unha vez detectados e analizados os problemas a Universidade procedeu a facer as correccións oportunas para solucionarlos, ou ben para mellorar na medida do posible estes procedementos, evitando así no futuro as disfuncionalidades observadas.

2.- 3º ciclo, posgrao e formación continua.

Neste tema agrúpanse diferentes queixas. Malia a súa incidencia non se observa ningún aspecto concreto onde se poidan apreciar disfuncionalidades, dado que en xeral as queixas fan referencia a cuestións puntuais, que sen dúbida precisan corrixirse, pero non poñen de manifesto situacións xeneralizables. En concreto 2 queixas refírense aos programas de doutoramento; 1 a cursos de formación, e o resto a diferentes aspectos relacionados

cos másteres, ben con aspectos académicos ben con aspectos administrativos. Cómpre subliñar que o nivel de solución destes problemas unha vez detectados variou moito en función das características da queixa.

3.- **Avaliación académica.**

Un curso máis aparece manifestada a incidencia de temas relacionados con cuestións de avaliación, reflectida na frecuencia das queixas e sobre todo no número de consultas que se fan (aínda que logo non se traduzan en queixas). Sen embargo, unha diferenza importante é que este curso apenas existen queixas relacionadas coa aplicación de criterios de avaliación ou cambio dos mesmos ao longo do curso, en cambio refírense fundamentalmente á non observancia de procedementos establecidos. Tamén aparecen diversas queixas relacionadas con aspectos moi específicos e puntuais.

4.- **Ámbito laboral.**

Nesta categoría aparecen recollidas unha serie relativamente importante, pola súa frecuencia, de queixas que están relacionadas con diferentes procedementos que afectan á situación laboral fundamentalmente do P.D.I. Non obstante non se aprecia ningún nicho salientable que poida ser fonte de problemas. Estas queixas non se refíren tanto a cuestións físicas ou ambientais como á incidencia de posibles disfuncionalidades nas situacións persoais.

5.- **Planos de estudo e recoñecementos.**

Neste ámbito se aprecian certos problemas que están relacionados con dúas cuestións. En primeiro lugar, dificultades para o recoñecemento de créditos, competencias ou cursos e, en segundo lugar, algún problema derivado ben da validación de estudos noutras Universidades ou ben do proceso de adaptación de licenciatura a grao. Este último aspecto como parece lóxico vai sendo residual dado o remate definitivo deste proceso.

No texto co termo “**Recomendación**” que segue ao número de queixa aparecen sinaladas as 11 recomendacións que se fixeron neste curso aos responsables de diferentes instancias. Todas as recomendacións, agás unha delas, foron aceptadas. En 6 casos xa se rematou o procedemento mentres que en 1 está rematado parcialmente. En 2 das recomendacións feitas aínda está en marcha a execución da recomendación. As 11 recomendacións derivaron dalgunha queixa específica presentada na oficina do Valedor.

Por último dende a perspectiva institucional, a USC, como ven sendo habitual, participou na Conferencia Estatal de Defensores Universitarios (CEDU), foro que permite a colaboración, prestación de axudas, elaboración de documentos..., en definitiva a coordinación dos defensores para prestar un mellor servizo á comunidade.

Por outra banda, a USC, incorporouse a Rede Iberoamericana de Defensores Universitarios (RIDU), rede de recente creación e que está a dar os seus primeiros pasos.

O Valedor asistiu en outubro do 2016 ao XIX Encontro Estatal de Defensores Universitarios que tivo lugar en Córdoba, organizado pola súa Universidade no que se trataron os seguintes temas:

- A contribución dos defensores universitarios a mellora da transparencia e bo goberno universitario.
- Acoso no ámbito universitario.
- Conciliación da vida laboral e familiar na Universidade.

Este terceiro tema debateuse a partir da ponencia correspondente elaborada polo Valedor da Universidade de Santiago e as Defensoras da Universidade de León e da Universidade das Illas Baleares.



En maio de 2017, participou nunha xornada celebrada en Madrid e organizada pola Defensoría da Universidade Rey Juan Carlos na que se debateu o tema da “*Repercusión do Plan Bolonia sobre os dereitos e liberdades dos distintos colectivos universitarios*”.

Na súa calidade de membro da Comisión Executiva da CEDU acudiu en cinco ocasións ás reunións para as que foi convocado e celebradas por este órgano.

4.- REFERENCIAS ESTADÍSTICAS

QUEIXAS POR SECTORES:



Nº. de queixas	59
Estudantes:	41
P.D.I.:	15
P.A.S.:	3



ENTRADA MENSUAL DAS QUEIXAS


MES	Curso 15/16	Curso 16/17
Setembro	12	9
Outubro	2	3
Novembro	7	3
Decembro	3	4
Xaneiro	6	7
Febreiro	6	4
Marzo	4	7
Abril	6	2
Maio	6	3
Xuño	6	9
Xullo	4	8
Agosto	0	0
Total curso	62	59

nº de queixas recibidas por curso



PRAZOS DE TRAMITACIÓN DAS QUEIXAS

Total queixas	59	
Prazo tramitación	nº de queixas	porcentaxe
1 Mes:	36	⇒ 61%
2 Meses:	13	⇒ 22%
3 Meses:	5	⇒ 9%
> 3 Meses:	5	⇒ 8%



DISTRIBUCIÓN DAS QUEIXAS POR TEMAS

TEMA	Nº. QUEIXAS PRESENTADAS
BOLSAS E AXUDAS A MEMBROS DA COM. UNIV.	3
PLANOS DE ESTUDO E RECOÑECEMENTOS	5
AVALIACIÓN ACADÉMICA	7
DOCENCIA	1
MATRÍCULA E OUTROS PROCEDEMENTOS	9
3º CICLO, POSGRAO E FORMACIÓN CONTINUA	8
SERVIZOS Á COMUNIDADE UNIVERSITARIA	2
ACCESO Á UNIVERSIDADE	2
ÁMBITO LABORAL	6
RELACIÓNS PERSOAIS	2
ACCESO INFORMACIÓN	1
COORDINACIÓN REMATE GRAO- ACCESO POSGRAO	2
XÉNERO-ACOSO	2
CONCILIACIÓN	2
DIVERSIDADE FUNCIONAL	3
OUTROS PROCEDEMENTOS	4

